



### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### Anuncio

**Resolución do 18 de marzo de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Foz. (Expediente IN407A 2020-66AT)**

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: BEGASA
- Domicilio Social: Rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "L.A.T. SUBTERRÁNEA Y NUEVO C.T. VILLAJUANE EN FOZ"
- Situación: concello de Foz
- Visado: Si, Colexio oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia con número de visado 20202955 en data 10 de novembro de 2020.
- Características técnicas principais:

Liña aérea de alta tensión Cangas a 20Kv, con orixe no apoio 4BF04030 existente e final no apoio 1A proxectado tipo C-4500-16, cunha lonxitude de 126 metros en condutor tipo LA-30 existente.

Liña soterrada de alta tensión Cangas a novo CT Villajuane, con orixe no paso aéreo a soterrado proxectado no apoio 1A e final no CT Villajuane proxectado, cunha lonxitude de 90 metros en condutor RHZ1-240.

Novo CT prefabricado Villajuane, cunha potencia proxectada de 630kVA e unha potencia instalada de 250kVA (transformador existente), no cal se instala unha cela de liña e unha de protección, relación de transformación 20.000/400-230V

Desmontaxe apartamenta en interior do CTC Villajuane (6615), 5 metros de condutor tipo LA-30, 10 metros de condutor RHZ1 e autoválvulas .

- Finalidade da instalación : Mellora de instalacións

- Orzamento: 49.730,08 €

- Documentación complementaria:

Separata para o Concello de Foz..

Separata para a Augas de Galicia.

Separata para o Ministerio para a Transición Ecoloxica e o Reto Demográfico.

Separata para o Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana.

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece la estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

**Primeira:** As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

**Segunda:** O petionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

**Terceira:** En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 18 de marzo de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0875

### *Anuncio*

#### **Resolución do 18 de marzo de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Lugo. (Expediente IN407A 2020-68AT)**

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Petionario: BEGASA
- Domicilio Social: Rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: **"AMPLIACIÓN DE POTENCIA CT 1885 CARBALLO 24 PARA NS 60778 COLEGIO PÚBLICO EN RÚA VENANCIO SENRA LUGO"**
- Situación: concello de Lugo
- Visado: Si, Colexio oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia con número de visado 20202816 en data 29 de outubro de 2020.
- Características técnicas principais:
  - Substitución no CT Carballo 24 (1885) do transformador actual de 250kVA por un de 400kVA, relación de transformación 20.000/400-230V
- Finalidade da instalación : Ampliación potencia
- Orzamento: 10.415,38 €
- Documentación complementaria:
  - Separata para o Concello Lugo

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

**Primeira:** As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

**Segunda:** O petionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

**Terceira:** En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 18 de marzo de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0876

### *Anuncio*

#### **Resolución do 18 de marzo de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de O Vicedo. (Expediente IN407A 2020-67AT)**

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: BEGASA
- Domicilio Social: Rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: ““L.A.T. SUBTERRÁNEA Y NUEVO C.T. VILASUSO TELEMANDO EN VILASUSO”
- Situación: concello de O Vicedo
- Visado: Si, Colexio oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia con número de visado 20202925 en data 6 de novembro de 2020.
- Características técnicas principais:
  - Liña soterrada de alta tensión Covas a novo CT Vilasuso, con orixe no paso aéreo a soterrado proxectado no apoio A88679, entra e sae no CT proxectado e remata en outro paso aéreo a soterrado proxectado no apoio A88679, cunha lonxitude de 140 metros en condutor RHZ1-240.
  - Novo CT prefabricado Vilasuso, cunha potencia proxectada de 630kVA e unha potencia instalada de 160kVA (transformador existente), no cal se instalan dúas celas de liña e unha de protección todas elas telemandadas, relación de transformación 20.000/400-230V
  - Desmontaxe da aparamenta interior do CTC Vilasuso (12410), 45 metros de condutor tipo RHZ1-150 e dúas conversións aéreo a soterradas.
- Finalidade da instalación : Mellora de instalacións
- Orzamento: 65.971,28 €
- Documentación complementaria:
  - Separata para o Concello de O Vicedo.
  - Separata para a Deputación Provincial de Lugo.

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

**Primeira:** As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

**Segunda:** O peticionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

**Terceira:** En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 18 de marzo de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0877

### *Anuncio*

#### **Resolución do 26 de marzo de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Ribadeo. (Expediente IN407A 2020-69AT)**

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Petionario: BEGASA
- Domicilio Social: Rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "L.A.T. SUBTERRÁNEA, C.T. S. COUTO Y L.B.T. SUBTERRÁNEA EN RÚA IRMANS SUÁREZ COUTO OPA 1\_67188"
- Situación: concello de Ribadeo
- Declaración responsable : Si.
- Características técnicas principais:
  - Liña soterrada de alta tensión a CT S. Couto, con orixe no CT R. Castro (12081) e final na L.A.T. soterrada a CT Reimunde (4620), cunha lonxitude de 70 metros en condutor RHZ1-240.
  - CT non prefabricado S. Couto, cunha potencia proxectada de 630kVA e unha potencia instalada de 630kVA, no cal se instalan dúas celas de liña e unha de protección, relación de transformación 20.000/400-230V
- Finalidade da instalación : Novo subministro
- Orzamento: 35.795,21 €
- Documentación complementaria:
  - Separata para o Concello de Ribadeo

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

**Primeira:** As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

**Segunda:** O peticionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

**Terceira:** En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

En relación coa **instalación de baixa tensión**, deberase seguir o disposto no artigo 18 do Real Decreto 842/2002 para a súa posta en servizo, así como na súa instrución ITC-BT-04, debendo achegar no seu momento, a documentación esixida con carácter previo á posta en servizo da instalación, para a súa revisión por esta Administración e posterior inscrición da instalación no correspondente rexistro.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 26 de marzo de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0878

---

## CONCELLOS

### ANTAS DE ULLA

*Anuncio*

#### APROBACIÓN INICIAL

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, de data 29 DE MARZO DE 2021, o Orzamento Xeral para o exercicio económico 2021 e o plantel de persoal para dito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

De conformidade co acordo adoptado o Orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

Antas de Ulla, 29 de marzo de 2021.- O Alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 0858

---

## GUNTÍN

*Anuncio*

Aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis.

O Pleno do Concello de Guntín, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de marzo de 2021, acordou a aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis e en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se transcorrido o devandito prazo non se tivesen presentado reclamacións, considerárase aprobado definitivamente dito Acordo.

Guntín, 29 de marzo de 2021.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 0859

---

*Anuncio*

Aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas.

O Pleno do Concello de Guntín, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de marzo de 2021, acordou a aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas e en

cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se transcorrido o devandito prazo non se tivesen presentado reclamacións, considerarase aprobado definitivamente dito Acordo.

Guntín, 29 de marzo de 2021.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 0860

---

### *Anuncio*

Aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

O Pleno do Concello de Guntín, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de marzo de 2021, acordou a aprobación inicial da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se transcorrido o devandito prazo non se tivesen presentado reclamacións, considerarase aprobado definitivamente dito Acordo.

Guntín, 29 de marzo de 2021.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 0861

---

## LUGO

### *Anuncio*

#### **DECRETO Nº 1538/2021 DO 02/03/2021**

**Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria do 8 de xullo de 2020 adoptou o acordo 9/286 polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2020, e no seu anexo, figura entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario:

*“1 praza de Enxeñeiro/a Técnico Agrícola, da Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Medio.”*

Dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 181, do 8 de agosto de 2020, e DOG número 201, do 5 de outubro de 2020.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 27 de xaneiro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo 5/28 PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA, QUENDA LIBRE (OEP 2020).

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OEP 2020), que se rexerá tanto polas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE” publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 5/28 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 27/01/2021, que seguidamente se transcriben:

“1º.- **OBJECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, en todo o que non estea previsto nas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE”, aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018, sendo publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018.

## 2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) Denominación da praza: Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola

b) Grupo A (Subgrupo A2)

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: técnica

- Clase: media

3º.- SISTEMA SELECTIVO. De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo, o sistema selectivo será o de oposición.

## 4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

Título de Enxeñeiro/a técnico Agrícola ou Título universitario de grao ou equivalente.

## 5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

Os interesados e interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excmo. Sra Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na disposición final sétima da mesma).

As solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

a) Copia auténtica do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Copia auténtica da titulación esixida.

c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 17,30 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e Prezos Públicos" que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

## 6º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

**PRIMEIRO EXERCICIO.** Teórico: desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 90 minutos, dun tema extraído ó chou de entre os comprendidos no temario de materias comúns.

O temario de materias comúns intégrano 12 temas, e figura na base décimo sexta das bases xerais xa mencionadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda libre.

**SEGUNDO EXERCICIO.** Teórico: Desenvolvemento por escrito de tres temas extraídos ao chou de entre os comprendidos no temario de materias específicas. A duración máxima para este exercicio será de tres horas.

**TERCEIRO EXERCICIO.** Práctico que consistirá en realizar dous supostos prácticos, durante un período máximo de catro horas. Ditos supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo dos exercicios correspondentes e estarán relacionados cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. Cada caso práctico será puntuado de xeito independente, sendo necesario superar cada un dos prácticos para poder establecer a media do terceiro exercicio.

No anuncio de convocatoria deste terceiro exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

**B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.**

Acreditarase o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. Realizarase unha proba de coñecemento da lingua galega que fixará o órgano de selección atendendo á categoría e ás funcións da praza. Este exercicio puntuarase como apto ou non apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio aquelas persoas aspirantes que acheguen, no prazo regulamentario de presentación de solicitudes, o título CELGA 4 ou equivalentemente debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

**7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS**

**Tema 1.** Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: Clasificación do solo. Principais características de cada un dos tipos e categorías de solo.

**Tema 2.** Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: Réxime do solo rústico. Concepto e categorías. Facultades e deberes dos propietarios en solo rústico. Solos rústicos de especial protección.

**Tema 3.** Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: Usos e actividades en solo rústico.

**Tema 4.** Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: Réxime de usos en solo rústico. Procedemento para o outorgamento de autorizacións en solo rústico.

**Tema 5.** Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: Condicións xerais de edificación en solo rústico.

**Tema 6.** Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: Edificacións existentes de carácter tradicional. Disposición transitoria 3ª da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: réxime de autorizacións e licenzas outorgadas en solo rústico. Disposición transitoria 4ª da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e forestal existentes.

**Tema 7.** Afeccións sectoriais no solo rústico no Concello de Lugo, en materia de patrimonio cultural, estradas, ferrocarrís, augas e infraestruturas.

**Tema 8.** Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e Ordenanza reguladora das comunicacións previas no Concello de Lugo (B.O.P. número 77, do 4 de abril de 2013): Licencias urbanísticas e comunicacións previas. Procedemento de outorgamento das licencias e de tramitación das comunicacións previas. Prelación de licencias. Caducidade. Incumprimento dos prazos de edificación. Modificacións, supostos de incumprimento e caducidade das licencias.

**Tema 9.** Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: Disciplina urbanística: A protección da legalidade urbanística. Obras e usos sen título habilitante en curso de execución. Obras terminadas sen título habilitante. Protección da legalidade en solo rústico.

**Tema 10.** Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lugo, aprobado definitivamente, de forma parcial, pola Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas: Normas particulares do solo de núcleo rural. Ordenanza. Áreas de expansión.

**Tema 11.** Ordenanza municipal de Protección Ambiental (B.O.P. número 139 do 19 de xuño de 1995). Aspectos xerais. Normas particulares relativas á protección de espazos naturais, parques, xardíns, arboredo urbano e limpeza da vía pública.

**Tema 12.** Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia e Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos: actividades: licenza, comunicación previa, declaración responsable.

**Tema 13.** Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia: Títulos I e II.

**Tema 14.** Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia: Aspectos xerais. Título III: actuacións preventivas.



**Tema 15.** Formigóns: Consideracións xerais. Compoñentes básicos. Designacións dos formigóns. Dosificación. Posta en obra. Encofrados e desencofrados. Control de calidade. Tipos de formigóns.

**Tema 16.** Muros de contención: aspectos xerais. Análises, armado e dimensionado de muros. Muros de camiños rurais: tipoloxía. Elementos e sistemas constructivos.

**Tema 17.** Deseño de construcións e instalacións agrícolas en Galicia: tipos máis comúns. Criterios de deseño estrutural e de distribución.

**Tema 18.** Deseño de camiños rurais. Tipos. Trazado. Sección transversal. Elementos da xeometría do camiño. Tipos de pavimento. Drenaxe.

**Tema 19.** Movementos de terras. Estabilización de solos. Explanacións: definición e función. Desmontes, recheos. Obras de fábrica nos camiños rurais. Obras de paso, drenaxe e defensa.

**Tema 20.** Firmes: características funcionais e estruturais. Firmes flexibles e ríxidos. Sub-base, base e capa de rodadura. Tratamentos superficiais da capa de rodadura. Productos bituminosos de uso frecuente nos camiños rurais.

**Tema 21.** Conservación e rehabilitación de firmes: actuacións ordinarias. Rehabilitacións estruturais. Renovacións superficiais.

**Tema 22.** Abastecemento de auga potable e saneamento de pequenas poboacións e núcleos rurais: características principais.

**Tema 23.** Seguridade e saúde nas obras de construción: estudo de seguridade e saúde e estudo básico de seguridade e saúde: obrigatoriedade e contido. Plan de seguridade e saúde. Libro de incidencias. Funcións dos coordinadores de seguridade e saúde e outros axentes responsables.

**Tema 24.** Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas: lexislación aplicable no Concello de Lugo. Características de accesibilidade en espazos públicos, elementos de urbanización e mobiliario urbano.

**Tema 25.** Ordenanza municipal de Parques, xardíns e arboredo urbano. (B.O.P. número 263, do 14 de novembro de 2008).

**Tema 26.** Deseño de parques e xardíns públicos: Beneficios e características dos parques urbanos. Mantemento e conservación como criterio de deseño de zonas verdes urbanas. Xardíns, medianas e rotondas.

**Tema 27.** Xogos e parques infantís. Consideracións xerais. Criterios de deseño e construción. Mobiliario. Xogos e equipamentos inclusivos e a súa accesibilidade.

**Tema 28.** Normativa europea (UNE-EN 1176 e UNE-EN 1177) en materia de seguridade nos parques de xogo infantís. Decreto 245/2003, do 24 de abril, normas de seguridade nos parques infantís de Galicia.

**Tema 29.** Rego de parques e xardíns: Sistemas de rego. Compoñentes. Automatización. Deseño e mantemento dos sistemas de rego. Elementos que compoñen una rede de rego automática.

**Tema 30.** Valoración das árbores ornamentais. Norma Granada. Métodos e sistemas de avaliación da calidade das zonas verdes públicas.

**Tema 31.** Xestión de zonas verdes públicas: tipoloxías e modelos de xestión do mantemento e conservación. Planes de autocontrol da calidade.

**Tema 32.** Xestión de zonas verdes públicas: Xestión medioambiental e certificación da xestión ambiental. Sistemas de control e avaliación. Medios e ferramentas informáticas para a xestión do mantemento.

**Tema 33.** A xestión do arborado urbano: Inventarización. Ferramentas, técnicas e programas informáticos para a xestión do arborado urbano. Planes de xestión. Plan director do arborado urbano.

**Tema 34.** Sanidade vexetal en zonas verdes públicas: pragas de xardíns. Enfermidades das plantas. Virus, fugos e bacterias. Métodos de control. Xestión integrada de pragas en zonas verdes.

**Tema 35.** Sanidade vexetal nas árbores urbanas: conceptos de sanidade vexetal. Os insectos: comportamento e desenrolo dos insectos. Pragas das árbores: defoliadores, minadores, chupadores, ácaros perforadores. Enfermidades máis importantes das árbores urbanas. Xestión integrada das pragas das árbores urbanas.

**Tema 36.** Real Decreto 11311/2012, de 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios. Aspectos máis relevantes.

**Tema 37.** Biomecánica e risco do arborado: concepto de biomecánica e dendroestática aplicados ao arborado urbano. Resistencia e módulo de elasticidade da madeira. Comportamentos e respostas das árbores ás cargas de vento. Bases teóricas do comportamento mecánico. Fórmulas para o cálculo da perda de resistencia físico-mecánica.

**Tema 38.** A poda das árbores urbanas: desenrolo e crecemento das árbores. Poda. Principios de cicatrización. Corte de ramas e raíces. Tratamento de feridas. Inhibidores de crecemento. Tipos de poda. Épocas de poda. Podas sanitarias, de mantemento, de formación. Maquinaria e ferramentas de poda.

**Tema 39.** A prevención de riscos laborais no servizo de mantemento de Parques, xardíns e zonas verdes. Normativa vixente. Seguridade e saúde nos traballos de xardinería e de poda na vía pública. Avaliación de riscos laborais e equipos de autoprotección e EPIS. A poda en altura: principios, métodos e técnicas.

**Tema 40.** Prevención e control da Legionella en instalación de fontes ornamentais e sistemas de rego en zonas verdes públicas.

**Tema 41.** Expropiacións: procedemento xeral de expropiación. Declaración de utilidade pública o interese xeral. Declaración da necesidade de ocupación de bens o adquisición de dereitos. Procedemento ordinario. Procedemento expropiatorio de urxencia. Actas previas á ocupación. Depósito previo. Ocupación.

**Tema 42.** Expropiacións: Concepto de xustiprezo. Pago e toma de posesión. Valoración do solo no procedemento expropiatorio: Aplicación xeral das normas de valoración.

**Tema 43.** Valoracións de terreos rústicos e instalación agrarias. Descripción dos distintos métodos de valoración e a súa aplicación. Valoración dos distintos tipos e categorías de solo.

**Tema 44.** Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: Aspectos xerais. A preparación dos contratos polas administracións públicas. Partes do contrato. Órgano de contratación. Contratistas.

**Tema 45.** Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: Expediente de contratación: tramitación, pregos de cláusulas administrativas e pregos de prescricións técnicas. Tipos de procedementos. Contratos menores.

**Tema 46.** Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: Selección de contratista e adjudicación. Efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos. Execución dos contratos. Modificación dos contratos. Suspensión e extinción.

**Tema 47.** Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: Contrato de obras. Proxectos de obras: contido. Supervisión e replanteo do proxecto. Execución do contrato de obra.

**Tema 48.** Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: Modificación do contrato de obra. Extinción por cumprimento. Extinción por incumprimento.

#### 8º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, ao menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista máis actualizada.

#### 9º.- RECURSOS

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-se o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

**Segundo.-** Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente

Lugo, 29 de marzo de 2021.- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

R. 0838

### Anuncio

#### DECRETO Nº 1539/2021 DO 02/03/2021

**Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria do 5 de decembro de 2018 adoptou o acordo 9/701 polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2018, e no seu anexo, figura entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario:

*"1 praza ENXEÑERIO/A TÉCNICO INDUSTRIAL, Grupo A, subgrupo A2, escala de administración especial."*

Dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 39, do 15 de febreiro de 2019, e DOG número 73, do 15 de abril de 2019.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día trece de xaneiro de dous mil vinte e un, adoptou, entre outros, o acordo 6/6 APROBACIÓN DAS BASES ESPECIFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ENXEÑERIO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL, QUENDA LIBRE (OEP 2018)

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OEP 2018), que se rexerá tanto polas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE" publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo nº 6/6 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 13.01.2021, que seguidamente se transcriben:

1º.- **OBJECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE", aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018, sendo publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018.

#### 2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) Denominación da praza: Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial

b) Grupo A (Subgrupo A2)

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: técnica

- Clase: Media

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.** De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo, o sistema selectivo será o de oposición.

#### 4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

Título de Enxeñeiro/a técnico Industrial ou Título universitario de grao ou equivalente.

#### 5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

Os interesados e interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excmo. Sra Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na disposición final séptima da mesma).

As solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

- a) Copia auténtica do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) Copia auténtica da titulación esixida.
- c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirlle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 17,30 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e Prezos Públicos" que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

#### 6º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

##### B) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

**PRIMEIRO EXERCICIO.** Teórico: desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 90 minutos, dun tema extraído ó chou de entre os comprendidos no temario de materias comúns.

O temario de materias comúns intégrano 12 temas, e figura na base décimo sexta das bases xerais xa mencionadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda libre.

**SEGUNDO EXERCICIO.** Teórico: Desenvolvemento por escrito de tres temas extraídos ao chou. A duración máxima para este exercicio será de tres horas. Cada tema será puntuado de xeito independente, sendo necesario superar cada unha das partes para poder establecer a media do segundo exercicio.

**TERCEIRO EXERCICIO.** Práctico que consistirá en realizar dous supostos prácticos, durante un período máximo de catro horas. Ditos supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo dos exercicios correspondentes e estarán relacionados cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas.

No anuncio de convocatoria deste terceiro exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

##### B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Acreditarase o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. Realizarase unha proba de coñecemento da lingua galega que fixará o órgano de selección atendendo á categoría e ás funcións da praza. Este exercicio puntuarase como apto ou non apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio aquelas persoas aspirantes que acheguen, no prazo regulamentario de presentación de solicitudes, o título CELGA 4 ou equivalentemente debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

#### 7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

**Tema 1.-** Producción de calor. Xeración de calor mediante Electricidade e Combustión. Tipos de Combustión. Tipos de combustible. Diagramas de Oswald. Índice opacimétrico. Poder calorífico. Rendementos.

**Tema 2.-** Instalación de Combustibles, clasificación de combustibles. Formas de almacenamento. Tubaxes de alimentación. Instalación para combustibles sólidos. Depósitos de Combustibles líquidos.

**Tema 3.-** Instalacións de calefacción e produción de ACS. Partes e elementos constituíntes. Caldeiras funcionamento e clasificación. Queimadores, acumuladores de ACS, vasos de Expansión. Bombas circuladoras, redes de tubaxes. Equipos terminais de Calefacción.

**Tema 4.-** Producción frigorífica. Ciclo aberto. Ciclo de compresión mecánica, elementos básicos, diagrama de Mollier e Consideracións de funcionamento, rendimento témodinámico. Refrixeración por Absorción.

Tema 5.- Elementos de instalación de aire acondicionado. Elementos de Expansión, Elementos Complementarios. Torres de enfriamento e condensadores evaporativos.

Tema 6.- Instalacións de Climatización, clasificación dos sistemas, elementos constituíntes da instalación de climatización. Equipos de xeración de calor e frío, clasificación. Bomba de Calor. Grupos autónomos de tratamento de aire. Depósitos de inercia. Equipos de Absorción.

Tema 7.- Redes de Transporte de climatización. Ventiladores, partes e clasificación. Curvas de traballo de ventiladores. Redes de Condutores, tipos e parámetros de deseño. Illamento de conductos. Comportas.

Tema 8.- Equipos terminais de Climatización. Unidades de Tratamento de Aire. Unidades terminais.

Tema 9.- Conceptos básicos de luminotecnia: Luz, fluxo luminoso, rendemento luminoso, intensidade luminosa, iluminancia, iluminancia media, luminancia, deslumbramento e temperatura de cor.

Tema 10.- Fontes de luz. Tipos de lámpadas. Especial alusión a led. Vantaxas, desvantaxas e comparación desta última fronte ás outras tipoloxías de lámpadas. Aplicacións.

Tema 11.- Regulamento de Eficiencia Enerxética en Instalacións de Alumeado Exterior. Obxecto. Campo de aplicación. Eficiencia Enerxética. Calificación enerxética. Reximen de funcionamento. Mantemento da eficiencia enerxética das instalacións. Excepcións.

Tema 12.- REEAE Instrucións Técnicas Complementarias: EA01. Eficiencia enerxética. EA02. Niveis de iluminación. EA03 Resplandor luminoso nocturno e luz intrusa ou molesta. EA04. Compoñentes das instalacións. EA05. Documentación Técnica, verificacións e inspeccións.

Tema 13.- Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión: Obxecto. Campo de aplicación. Redes de distribución. Instalacións de alumeado exterior. Tipos de subministro. Acometidas e instalacións de enlace. Instalacións interiores ou receptoras. Receptores e posta a terra. Execución e posta en servizo das instalacións. Mantemento das instalacións.

Tema 14.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-04: Documentación e posta en servizo de instalacións. ITC-BT-05: Verificacións e inspeccións.

Tema 15.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-09: Instalacións de alumeado exterior.

Tema 16.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-10: Previsión de cargas para subministros en baixa tensión. ITC-BT-11: Redes de distribución de enerxía eléctrica. Acometidas.

Tema 17.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-12 a 17. Instalacións de Enlace.

Tema 18.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-18. Instalacións de posta a terra.

Tema 19.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-22 a 24. Instalacións interiores ou receptoras: Protección contra sobreintensidades. Protección contra sobretensións. Protección contra os contactos directos e indirectos.

Tema 20.- REBT Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-28. Instalacións de electrificación en locais de pública concorrencia. Tipoloxía. Simboloxía. Receptores, tipoloxía e características.

Tema 21.- REBT Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-30. Instalacións en locais de características especiais.

Tema 22.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-31 a 33. Instalacións con fins especiais. Piscinas e fontes. Máquinas de elevación e transporte. Instalacións provisionais e temporais de obras.

Tema 23.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-34. Instalacións con fins especiais Feiras e stands. Instrución 2/2018, de 26 de marzo, de la Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Xunta de Galicia, sobre instalacións eléctricas temporais de baixa tensión.

Tema 24.- REBT Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-40. Instalacións xeradoras de baixa tensión.

Tema 25.- REBT Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-52. Instalacións con fins especiais. Infraestrutura para a recarga de vehículos eléctricos.

Tema 26.- Liñas eléctricas en media e baixa tensión. Quecemento dos condutores. Esforzos electrodinámicos. Correntes de cortocircuíto. Procedementos de cálculo de sección.

Tema 27.- Elementos Integrantes das liñas aéreas. Cálculo mecánico das liñas aéreas. Accións. Cálculo mecánico de condutores, ferraxes, illadores e apoios. Cimentacións.

Tema 28.- Xeradores de corrente continua: Tipoloxía, constitución, funcionamento e características. Excitación. Inducido. Reacción do inducido. Colector. Conmutación. Perdidas. Rendemento. Aplicacións. Curvas características.

Tema 29.- Motores de corrente continua: Tipoloxía, constitución, funcionamento e características. Relacións eléctricas e mecánicas. Comportamento en baleiro, en carga nominal e con variacións de carga.

Tema 30.- Maquinas síncronas, o alternador, forza electromotriz alterna senoidal. Alternador de inducido fixo. Sistema trifásico de forzas electromotrices, velocidade do alternador, forza electromotriz por fase, bobinado indutor, regulación da tensión, impedancia síncrona, acoplamento en paralelo.

Tema 31.- Máquina asíncrona de corrente alterna trifásica. Tipoloxía e constitución básica. Principio de funcionamento como motor. Modelo e circuíto equivalente. Arranque de motores.

Tema 32.- Control e regulación electrónica de máquinas eléctricas. Estrutura xeral dos sistemas de regulación de máquinas eléctricas. Dispositivos que compoñen a cadea de regulación.

Tema 33.- Transformador monofásico de corrente alterna. Constitución básica. Principios de funcionamento. Modelo equivalente. Ensaio de baleiro e cortocircuíto. Transformación de corrente trifásica.

Tema 34.- Transformadores trifásicos de distribución. Tipoloxía e características construtivas. Relación de transformación nominal. Devanados. Tomas do transformador. Desfase e grupos de conexión. Tensión de cortocircuíto. Pérdidas e rendemento dun transformador.

Tema 35.- Centros de Transformación. Clasificación Tipos. Compoñentes do centro de transformación. Aparamenta, seccionadores e celas. Cadro de baixa tensión. Alumeado, sinalización e material de seguridade.

Tema 36.- Aparamenta e protección. Características asignadas. Interruptor, interruptor automático, seccionadores, parafusos, protección contra sobrecargas, protección contra cortocircuítos, Interruptor diferencial, selectividade de interruptores diferenciais, relés de protección.

Tema 37.-Automatización de instalacións. Sistemas cabreados e programados. Sensores e atuadores. Autómatas e relés programables, estrutura, clasificación, Interface de entradas e saídas. Programación, linguaxe gráfico de contactos e de funcións lóxicas.

Tema 38.- Posta en servizo das instalacións automatizadas en edificios. Programación dos equipos utilizados nas instalacións automatizadas: Centralitas, autómatas e programas específicos para ordenadores. Protocolos de posta en marcha das instalacións.

Tema 39.- Álgebra Booleana. Portas lóxicas, funcións básicas combinacionais: Decodificadores, codificadores e multiplexores. Función e aplicación nos sistemas de control automático.

Tema 40.- Instalacións de antenas de TV e vía satélite. Tipoloxía e características. Elementos que compoñen a instalación. Normas e regulamentos. Dividendos dixitais.

Tema 41.- Instalacións de TV e vía satélite. Postas a terra. Axustes e posta en marcha parámetros característicos das instalacións de antenas terrestres e vía satélite. Instrumentos de medida.

Tema 42.- Comunicacións. O modelo OSI, Estrutura de niveis. Medios de transmisión. O par de cobre. O Cable coaxial. A fibra Óptica. Redes GPON. Protocolo TCP/IP.

Tema 43.- Redes locais e de área extensa: Fundamentos, características e ámbitos de aplicación. Arquitectura e tipoloxía de las redes locais «bus» e anel. Conexión a redes de área extensa: Conmutación de paquetes, protocolos estándar. A rede dixital de servizos integrados.

Tema 44.- Instalacións de seguridade. Tipoloxía e características. Elementos que compoñen a instalación, tipoloxía e características. Normativa e regulamentación.

Tema 45.- Instalacións de seguridade. Montaxe, e diagnose. Axustes e posta a punto. Instalación de elementos. Medida de parámetros característicos das instalacións de seguridade e instrumentos de medida.

Tema 46.- Instalacións de enerxía solar fotovoltaica. Tipoloxía das Instalacións. Principios de funcionamento. Elementos que compoñen a instalación.

Tema 47.- Instalacións de enerxía solar fotovoltaica. Coordenadas orientación e dimensionamento. Medida de parámetros característicos das instalacións.

Tema 48.- Ascensores. Clasificación de ascensores. Compoñentes do ascensor eléctricos. Compoñentes de ascensores hidráulicos. Tipos de Manobras.

#### 8º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, ao menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista mais actualizada.

## 9º.- RECURSOS

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-se o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

**Segundo.-** Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente

Lugo, 29 de marzo de 2021.- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

R. 0839

### Anuncio

#### DECRETO Nº 2015/2021 DO 15/03/2021

**Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto que Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión extraordinaria e urxente realizada o día 23 de decembro de 2015, adoptou o acordo número 2/882, polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2015, e no seu ANEXO figura, entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario:

“- *Agrupacións profesionais. Escala de Administración especial. Número de vacantes: 1 (quenda libre, reservada a discapacitados/as) (coberta interinamente). Denominación: Celador/a Colexio Público.*”

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 020, do 26 de xaneiro de 2016, e no DOG número 36, do 23 de febreiro de 2016.

A oferta de emprego público para o ano 2015 foi modificada polo acordo 5/173, adoptado pola Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo na sesión ordinaria celebrada o día 5 de abril de 2017, o cal foi rectificado polo acordo 10/220, adoptado polo dito órgano de goberno na sesión ordinaria celebrada o 26 de abril de 2017, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 122, do 30 de maio de 2017. No seu ANEXO figura, entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario:

“- *Agrupacións profesionais. Escala de Administración especial. Número de vacantes: 1 (quenda libre, reservada a discapacitados/as) (coberta interinamente). Denominación: Celador/a Colexio Público.*”

Na Oferta de Emprego Público do ano 2015 inclúese unha praza de Celador/a Colexio Público cuxa convocatoria foi anulada sendo preciso convocar a praza de novo coa reserva a persoas con discapacidade.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión extraordinaria do 28 de decembro de 2017 adoptou o acordo 1/805 polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2017, e no su anexo, figura entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario:

“- *Grupo AP, escala de Administración especial (quenda de discapacitados/as). Numero de vacantes: 1. Denominación: Celador/a Colexio Público*”

Dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 298, do 30 de decembro de 2017, e DOG número 77, do 20 de abril de 2018.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria do 5 de decembro de 2018 adoptou o acordo 9/701 polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2018, e no seu anexo, figuran entre outras, as seguintes prazas de persoal funcionario:

*"2 praza CELADOR, Grupo AP, escala de administración especial."*

Dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 39, do 15 de febreiro de 2019, e DOG número 73, do 15 de abril de 2019.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 3 de febreiro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo 10/49 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A CATRO PRAZAS DE CELADORES/AS DE COLEXIO PÚBLICO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, DÚAS EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO (OEP 2018) E DÚAS EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2015 e 2017)

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a catro prazas de Celador/a Colexio Público pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, 2 en quenda de acceso libre ordinario e 2 en quenda libre reservada a persoas con discapacidade, que se rexerá tanto polas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE" publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 10/49 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 3 de febreiro de 2021, que seguidamente se transcriben:

**"1º.- OBXECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a **CATRO prazas de CELADORES/AS COLEXIO PÚBLICO pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, 2 en quenda de acceso libre ordinario e 2 en quenda libre reservada a persoas con discapacidade**, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE", aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano nas sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018. Foron publicadas nos boletíns oficiais da provincia de Lugo número 099, do 2 de maio de 2017, e número 274, do 29 de novembro de 2018.

As e os aspirantes para cubrir as prazas obxecto desta convocatoria só poderán participar nunha das quendas: quenda de acceso libre ordinario ou quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade. Se da instancia presentada non se deduce a súa opción, será excluída/o nas listas provisionais que se publiquen. De non emendar o defecto na solicitude, quedarán definitivamente excluídas/os. Tras a publicación da lista definitiva de admitidas/os e excluídas/os, non se permitirá ningún cambio de quenda ou calquera tipo de corrección ou aclaración ao respecto.

Se algunha/algún aspirante con discapacidade que se presenta pola cota de reserva de persoas con discapacidade supera os exercicios, pero non obtén praza e a súa puntuación é superior á obtida por outras/os aspirantes do sistema de acceso ordinario, será incluída/o pola súa orde de puntuación neste sistema.

De conformidade co disposto no Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, durante o proceso selectivo se dará tratamento diferenciado ás dúas quendas, no que se refire ás relacións de admitidas/os e excluídas/os, aos chamamentos aos exercicios e á relación de aprobadas/os. Non obstante, ao finalizar o proceso, elaborárase unha relación única na que se incluírán todas/os as/os candidatas/os que superaran todas as probas selectivas, ordenadas/os pola puntuación total obtida, con independencia da quenda pola que participasen.

## **2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA**

- a) Denominación da praza: CELADOR/A COLEXIO PÚBLICO
- b) Grupo de titulación: GRUPO AP(Agrupacións Profesionais)
- c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: servizos especiais.

- Clase: cometidos especiais

## **3º.- SISTEMA SELECTIVO.**

O sistema selectivo será o de OPOSICIÓN.

## **4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA**

Non se esixe titulación do sistema educativo.



## 5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As persoas interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excmo. Sra. Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

As solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

a) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. As persoas interesadas deberán unirlle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 10,80 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello. Todo o relativo aos dereitos de exame axustarase ao establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e prezos públicos" que se atopa a disposición das e dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web.

b) No caso de persoas que accedan á praza reservada a persoas con discapacidade e concorran pola quenda de acceso libre reservada a persoas con discapacidade, deberán acompañarlle á solicitude a certificación do órgano competente que acredite a súa condición de persoa con discapacidade, así como, igualmente, deberán presentar certificado expedido polo mesmo órgano ou polo competente da Administración sanitaria, que acredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza.

O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

As persoas con discapacidade que, con xustificación suficiente, o fagan constar na súa solicitude, poderán obter as adaptacións necesarias de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios. Para iso deberán facer constar na solicitude o grao de discapacidade e o tipo de adaptación solicitada.

O tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos que resulte necesario, de forma que as e os aspirantes que solicitaran adaptacións de tempo e/ou medios na forma prevista no apartado anterior, gocen de similares condicións para a realización dos exercicios que o resto de participantes.

O tribunal cualificador aprobará unha relación comprensiva das e dos aspirantes que, sendo admitidos, solicitaran adaptacións, indicando unicamente para cada unha/un deles a adaptación concedida ou, se é o caso, as razóns da denegación.

## 6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo a resolución pola que se aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas de todas as quendas convocadas. Na dita resolución constará a identidade das e dos aspirantes excluídos, con indicación das causas de exclusión.

As/Os aspirantes excluídas/os dispoñerán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, para poder emendar, se é o caso, o defecto que motivou a exclusión.

A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a lista definitiva de aspirantes admitidas/os e excluídas/os que se publicarán no BOP.

## 7º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

### C) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar por escrito a un cuestionario composto por 20 preguntas relativas tanto ao contido do programa de materias comúns como da parte de materias específicas, de forma proporcional. Este cuestionario estará composto por preguntas con tres respostas alternativas, sendo unha delas a correcta. O tempo máximo para a realización deste exercicio é de 40 minutos. Cada pregunta contestada correctamente terá unha puntuación de 0,50 puntos. A mal contestada restará 0,166 puntuando con 0 puntos a deixada en branco. Para superar este primeiro exercicio e pasar ao segundo, deberá acadarse, ao menos, unha puntuación de 5 puntos.

O exercicio que propoña o tribunal terá tres preguntas máis de reserva, claramente identificadas como tales, que substituirán as preguntas que, se é o caso, puideran ser obxecto de anulación. As devanditas preguntas de reserva só serán valoradas no caso de que substitúan a algunha outra que fora obxecto de anulación. Estas 3 preguntas de reserva terán que ser contestadas dentro do tempo de 40 minutos.

O temario de materias comúns intégrano 4 temas, e figuran na base décimo sexta das bases xerais xa mencionadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ao cadro de funcionarias/os e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda libre.

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: consistirá en realizar, durante un período máximo de 1 hora, un suposto ou proba práctica que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio e que estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza destas prazas.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

## **B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA**

Na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que atermos ao disposto na base décimo cuarta letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarias/os e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

### **8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS**

TEMA 1.- A guía de rúas da cidade de Lugo. Localización de dependencias municipais, organismos, edificios e centros públicos e de interese da cidade de Lugo.

TEMA 2.- A presentación de instancias e documentos nas oficinas públicas. Comunicacions e notificacións. Correspondencia e paquetería: envíos e servizos postais.

TEMA 3.- O persoal ao servizo da Administración local: concepto e clases. Dereitos, deberes e incompatibilidades.

TEMA 4.- Información e atención ao público: presencial, telefónica e por medios informáticos. Técnicas de atención ao público.

TEMA 5.- Manexo de máquinas de reprografía e oficina: reprodutoras, multicopistas, fotocopiadoras, fax, encadernadoras, destrutoras, centralitas telefónicas, impresoras, escáner, plastificado e outras análogas. Tipos de papel.

TEMA 6.- A Vixilancia e custodia de edificios: vixilancia da seguridade do edificio. Control de accesos. Servizo de consigna. Apertura e peche de edificios e locais.

TEMA 7.- Prevención de riscos laborais inherentes a un posto de Celador: os seus dereitos e obrigas. Medidas preventivas e pautas de actuación ante incendios e emerxencias.

TEMA 8.- Nocións básicas en operacións de mantemento e conservación dos edificios municipais e colexios: fontanería, cerraxería, electricidade, carpintería, saneamento e análogos. Actuación cando se trate de avarías que pola súa envergadura ou especial complexidade non sexan subsanables por el mesmo

### **9º.- LISTA DE RESERVAS**

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, ao menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista mais actualizada.

### **10º.- RECURSOS**

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado desta orde de Lugo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da publicación.

Igualmente, poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolverse expresamente, en calquera momento, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

**SEGUNDO.-** Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Boletín Oficial da Provincia, e un extracto no DOG e BOE.”

**Segundo.-** Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente

Lugo, 29 de marzo de 2021.- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

R. 0840

### Anuncio

#### DECRETO Nº 2115/2021 DO 16/03/2021

**Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión extraordinaria do 28 de decembro de 2017 adoptou o acordo 1/805 polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2017, e no su anexo, figura entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario:

“- Grupo C, subgrupo C2, escala de Administración especial (quenda libre). Numero de vacantes: 1. Denominación: Oficial/a Lector/a Contador/a”

Dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 298, do 30 de decembro de 2017, e DOG número 77, do 20 de abril de 2018.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día tres de marzo de dous mil vinte e un, adoptou, entre outros, o acordo 4/109 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE OFICIAL LECTOR/A CONTADOR, PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OEP 2017)

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Oficial Lector/a Contador/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2017), que se rexerá tanto polas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE” publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo nº 4/109 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 3.03.2021, que seguidamente se transcriben:

“**1º.- OBXECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a unha praza de OFICIAL LECTOR/A CONTADOR/A do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, en todo o que non estea previsto nas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE”, aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018, sendo publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018.

#### 2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- Denominación da praza: Oficial Lector/a Contador/a
- Grupo C (Subgrupo C2)
- Outras características:

- Escala: administración especial
- Subescala: servizos especiais
- Clase: Persoal de oficios.

**3º.- SISTEMA SELECTIVO.** De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo, o sistema selectivo será o de oposición.

**4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:**

Título de Graduado Escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente.

**5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

Os interesados e interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excm. Sra Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na disposición final sétima da mesma).

Ás solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

- Copia auténtica do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- Copia auténtica da titulación esixida.
- Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 13,00 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e Prezos Públicos" que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

**6º.- PROBAS SELECTIVAS.**

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

- **DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.**

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar por escrito a un cuestionario composto por 40 preguntas relativas tanto ao contido do programa de materias comúns como da parte de materias específicas, de forma proporcional. Este cuestionario estará composto por preguntas con tres respostas alternativas, sendo unha delas a correcta. O tempo máximo para a realización deste exercicio é de 60 minutos. Cada pregunta contestada correctamente terá unha puntuación de 0,25 puntos. A mal contestada restará 0,083, puntuando con 0 puntos a deixada en branco. Para superar este primeiro exercicio e pasar ao segundo, deberá acadarse, ao menos, unha puntuación de 5 puntos.

O exercicio que propoña o tribunal terá tres preguntas máis de reserva, claramente identificadas como tales, que substituirán as preguntas que, se é o caso, puideran ser obxecto de anulación. As devanditas preguntas de reserva só serán valoradas no caso de que substitúan a algunha outra que fora obxecto de anulación. Estas 3 preguntas de reserva terán que ser contestadas dentro do tempo de 60 minutos.

O temario de materias comúns intégrano 4 temas, e figuran na base décimo sexta das bases xerais xa mencionadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ao cadro de funcionarias/os e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda libre.

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: consistirá en realizar, durante un período máximo de 2 horas, un suposto ou proba práctica que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio e que estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza destas prazas.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

## B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que aterse ao disposto na base décimo cuarta letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarias/os e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

### 7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1.- Guía de rúas de Lugo. Recoñecemento de vías e barrios nun plano da zona urbana de Lugo. Escolla da mellor ruta entre dous puntos da trama urbana.

Tema 2.- Manexo e coñecemento de terminais portátiles de lectura. Introducción de lecturas. Introducción de anomalías de lecturas. Introducción de comentarios. Terminais e contadores intelixentes de lectura automática.

Tema 3.- Funcións do servidor de lecturas. Importación de datos de lectura. Envío das rutas aos terminais. Recepción das rutas dos terminais. Análise de lecturas. Exportación de datos de lectura.

Tema 4.- Ofimática básica. Fundamentos dun ordenador. Sistema operativo Windows 10. Tratamento de textos e follas de cálculo: Office, LibreOffice. Navegación por Internet. O correo electrónico.

Tema 5.- Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido de la Lei de augas.

Tema 6.- Ordenanza fiscal do servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio no concello de Lugo.

Tema 7.- Directiva 2004/22/CE. Anexo I (Requisitos esenciais). Definicións. Requisitos.

Tema 8.- Directiva 2004/22/CE. Anexo MI-001 (Contadores de auga). Definicións e requisitos específicos.

Tema 9.- Directiva 2014/32/UE. Anexo III. Contadores de auga (MI-001). Condicións nominais de funcionamento. Error máximo permitido. Efecto permitido das perturbacións. Aptitude. Unidades de medida. Posta en servizo.

Tema 10.- R.d. 314/2006 polo que se aproba o código técnico da edificación. Documento básico HS4 subministración de auga. Elementos que compoñen a instalación. Protección contra retornos. Mantemento e conservación.

Tema 11.- Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.

Tema 12.- Lexislación básica en prevención de riscos laborais. Obrigas na prevención de riscos. Responsabilidade legal. Funcións de nivel básico recollidas no anexo IV do R.d. 39/1997 dos servizos de prevención.

Tema 13.- Identificación dos riscos asociados á actividade. Concepto de risco e perigo. Accidentes de traballo e enfermidades profesionais. Localización dos riscos. Riscos por factores organizativos. Riscos por factores materiais. Riscos por usos de elementos. Riscos eléctricos. Riscos por incendios e explosións. Riscos por usos de substancias. Riscos por exposición a radiacións. Riscos por sobreesforzos.

Tema 14.- Aplicación de medidas preventivas e de protección. Protección colectiva. Equipos de protección individual (EPIs). Sinalización. Plans de emerxencia e evacuación. Primeiros auxilios. Principios de ergonomía.

Tema 15.- O Concello de Lugo. Extensión territorial. División de parroquias e distritos. Zona urbana. Obrigatoriedade da prestación do servizo de subministración de auga potable. Extensión da rede de abastecemento no concello de Lugo.

Tema 16.- Procesos no abastecemento de auga en Lugo. Cometidos do Servizo de Augas. Organización do Servizo de Augas. Dependencia xerárquica. Relación con outros servizos e dependencias municipais.

### 8º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, ao menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista máis actualizada.

### 9º.- RECURSOS

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso

contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-se o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

**Segundo.-** Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto non fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente

Lugo, 29 de marzo de 2021.- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

R. 0841

### Anuncio

#### DECRETO Nº 1541/2021 DO 02/03/2021

**Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión extraordinaria do 28 de decembro de 2017 adoptou o acordo 1/805 polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2017, e no su anexo, figura entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario:

“- Grupo C, subgrupo C2, escala de Administración especial (quenda libre). Numero de vacantes: 1. Denominación: Oficial Electricista”

Dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 298, do 30 de decembro de 2017, e DOG número 77, do 20 de abril de 2018.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día trinta de decembro de dou mil vinte, adoptou, entre outros, o acordo 17/750 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE OFICIAL ELECTRICISTA PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OEP 2017)

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Oficial Electricista pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2017), que se rexerá tanto polas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE” publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo nº 17/750 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 30.12.2020, que seguidamente se transcriben:

“1º.- **OBJECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a unha praza de Oficial Electricista do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, en todo o que non estea previsto nas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE”, aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018, sendo publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018.

## 2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) Denominación da praza: Oficial Electricista

b) Grupo C (Subgrupo C2)

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: técnica

- Clase: auxiliar

3º.- SISTEMA SELECTIVO. De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo, o sistema selectivo será o de oposición.

## 4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

Técnico en Instalacións Eléctricas e Automáticas.

## 5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

Os interesados e interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excmo. Sra Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na disposición final séptima da mesma).

As solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

a) Copia auténtica do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Copia auténtica da titulación esixida.

c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirlle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 13,00€ de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e Prezos Públicos" que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

## 6º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

### A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

**PRIMEIRO EXERCICIO**, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de corenta (40) preguntas tipo test, máis tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, con tres respostas alternativas propostas polo Tribunal, das cales só unha delas será correcta.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de 60 minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

Corresponderalle ao tribunal o número de respostas correctas esixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta.

**SEGUNDO EXERCICIO**, teórico: desenvolvemento, por escrito, de dous temas extraídos ao chou dos que integran a parte específica do programa. O tempo máximo para desenvolver o devandito exercicio será de 90 minutos. O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, e será preciso acadar un mínimo de cinco puntos para superalo. Serán eliminadas aquelas persoas aspirantes que non o obteñan

**TERCEIRO EXERCICIO**, práctico: consistirá en realizar, durante un tempo máximo de dúas horas, un ou varios supostos ou probas prácticas que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio e versará sobre algunha das cuestións e materias contidas no temario específico.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberán, ou poderán, ir provistos os aspirantes para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

#### B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Acreditarase o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. Realizarase unha proba de coñecemento da lingua galega que fixará o órgano de selección atendendo á categoría e ás funcións da praza. Este exercicio puntuarase como apto ou non apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio aquelas persoas aspirantes que acheguen, no prazo regulamentario de presentación de solicitudes, o título CELGA 3 ou equivalentemente debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

#### 7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1.- Conceptos e fenómenos eléctricos. Natureza da electricidade. Forza electromotriz. Intensidade de corrente eléctrica. Resistencia eléctrica. Potencia eléctrica. Unidades de medida. Lei de Ohm. El condensador: Almacenamento de cargas eléctricas. Capacidade: Unidades. Pilas y acumuladores: Tipoloxía y características.

Tema 2.- Protección de las líneas eléctricas media tensión. Interruptores automáticos: Tipoloxía, extinción del arco, accionamiento. Seccionadores: Tipos, características e mandos. Fusibles cortacircuitos: Tipoloxía e características. Postas a terra: Sistemas e partes. Relés: Tipos e características. Reenganchador. Autoválvulas e explosores. Criterios para a elección de elementos

Tema 3.- Transformadores: Tipoloxía, constitución, funcionamento e características. Relaciones eléctricas fundamentais. Perdas nos transformadores. Comportamiento en baleiro e en carga. Acoplamiento de transformadores.

Tema 4.- Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-04: Documentación e posta en servizo de instalacións. ITC-BT-05: Verificacións e inspeccións. ITC-BT-09: Instalacións de alumado exterior. ITC-BT-18. Instalacións de posta a terra. ITC-BT-28. Instalacións en locais de pública concurrencia.

Tema 5.- Coordinación entre proteccions. Selectividade entre interruptores diferenciais. Selectividad horizontal. Selectividade entre interruptores automáticos.

Tema 6.- Centros de Transformación: Función, tipoloxía e características xerais. Características constructivas e de emprazamento. Celdas: Tipos, elementos. Esquemas. Transformadores: Funcionamento, regulación, acoplamiento, proteccions.

Tema 7.- Corrente alterna trifásica: Sistemas. Medida de potencias. Corrección do factor de potencia. Distribución en Baixa Tensión. O conductor eléctrico. Correntes de cortocircuito.

Tema 8.- Cálculo eléctrico dos conductores das liñas eléctricas de baixa tensión. Caída de tensión en corrente alterna. Parámetros de liña.

Tema 9 - Transformadores trifásicos. Relación de transformación nominal. Devanados. Desfase entre primario e secundario. Bornes do transformador. Polaridade dos bornes. Grupos de conexión. Tensión de cortocircuito. Caída de tensión ohmica. Tensión de dispersión. Pérdidas e rendemento dun transformador. Ventilación de celdas.

Tema 10 - Tarifas eléctricas, Partes da factura eléctrica. Tarifa eléctrica de PVPC, potencia de facturación, tarificación con maxímetro, discriminación horaria, termo de enerxía reactiva, Tarifas de acceso en BT.

Tema 11.- Técnicas de montaxe de instalacións de electrificación en vivendas e edificios. Construción de una instalación eléctrica de baixa tensión: Interpretación da documentación, selección de elementos e ferramentas, montaxe de los elementos, realización de probas e verificación das especificacións da instalación. Conduccións ríxidas e flexibles.

Tema 12.- Diagnóstico e localización de avarías en instalacións de electrificación en vivendas e edificios. Medidas eléctricas nas instalacións de BT, tensión, intensidade, resistencia e continuidade, potencia e tomas de terra. Instrumentos de medida, procedementos de conexión e medida. Tipoloxía e características das avarías. Técnicas e procedementos empregados na diagnoses e reparación.

Tema 13.- Diseño e construción de cadros eléctricos. Tipoloxía e características dos cadros eléctricos: Envoltentes e materiais auxiliares. Planos de montaxe e conexión. Mecanizado de envoltentes, montaxe e conexión de elementos.



Tema 14 - Corrección do factor de potencia. Causas dun baixo factor de potencia, necesidades de compensar o factor de potencia. Modalidade de compensación. Instalación da Bateria de Condensadores.

Tema 15.- Prevención de riscos laborais. R.D. Real Decreto 614/2001, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte o risco eléctrico. Traballos sin tensión, traballos en tensión, traballos en proximidade. Definición e medidas preventivas.

Tema 16.- Prevención de riscos laborais. Traballos en altura. Equipos protección colectiva e individuais para traballos sobre escaleira e plataforma elevadora.

#### 8º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, ao menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista mais actualizada.

#### 9º.- RECURSOS

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-se o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

**Segundo.-** Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente

Lugo, 29 de marzo de 2021.- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

R. 0842

---

### Anuncio

#### DECRETO Nº 1540/2021 DO 02/03/2021

**Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión extraordinaria do 28 de decembro de 2017 adoptou o acordo 1/805 polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2017, e no su anexo, figuran entre outras, as seguintes prazas de persoal funcionario:

- Grupo C, subgrupo C2, escala de Administración especial (quenda libre). Número de vacantes: 3. Denominación: Bombeiro/a Conductor/a”

Dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 298, do 30 de decembro de 2017, e DOG número 77, do 20 de abril de 2018.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria do 5 de decembro de 2018 adoptou o acordo 9/701 polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2018, e no seu anexo, figuran entre outras, as seguintes prazas de persoal funcionario:

*"3 prazas BOMBEIRO/A CONDUCTOR, Grupo C, subgrupo C2, escala de administración especial."*

Dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 39, do 15 de febreiro de 2019, e DOG número 73, do 15 de abril de 2019.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria do 8 de xullo de 2020 adoptou o acordo 9/286 polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2020, e no seu anexo, figuran entre outras, as seguintes prazas de persoal funcionario:

*"6 prazas de BOMBEIRO CONDUTOR, Administración Especial, Extinción de Incendios."*

Dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 181, do 8 de agosto de 2020, e DOG número 201, do 5 de outubro de 2020.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día trinta de decembro de dou mil vinte, adoptou, entre outros, o acordo 18/751 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DOCE PRAZAS DE BOMBEIRO/A CONDUTOR PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (3 INCLUIDAS NA OEP 2017, 3 INCLUIDAS NA OEP 2018 E 6 INCLUIDAS NA OEP 2020)

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a doce prazas de Bombeiro/a Condutor/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (3 incluídas na OPE 2017, 3 incluídas na OEP 2018 e 6 incluídas na OEP 2020), que se rexerá tanto polas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE" publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo nº 18/751 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 30.12.2020, que seguidamente se transcriben:

"1º.- **OBJECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a 12 prazas de Bombeiro/a Condutor/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (3 incluídas na OEP 2017, 3 incluídas na OEP 2018 e 6 incluídas na OEP 2020) en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE", aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018, sendo publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018.

2º.- **CARACTERÍSTICAS DA PRAZA**

a) Denominación da praza: Bombeiro/a Condutor/a

b) Grupo C (Subgrupo C2)

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: servizos especiais

- Clase: extinción de incendios

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.** De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo, o sistema selectivo será o de oposición.

4º.- **TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:**

Graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente.

5º.- **OUTROS REQUISITOS E CONDICIÓNES ESPECÍFICAS**

Ademais dos requisitos esixidos nas bases xerais para tomar parte nas probas selectivas a que se refiren estas bases específicas, as e os aspirantes deberán reunir os seguintes:

a) Estar en posesión do permiso de conducir da clase C.

b) Estar capacitada/o para exercer calquera oficio relacionado coas necesidades do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento.

c) Acreditar a aptitude física coa presentación dun certificado médico oficial que faga constar que a/o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na

correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que reflecta o certificado médico.

#### 6º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo. Nela as e os aspirantes deben manifestar que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos no apartado anterior.

Os requisitos deberán reunirse con referencia ao derradeiro día do prazo da presentación de instancias, e será nulo o nomeamento como funcionaria/o daquelas/es aspirantes que estean incursas/os en causas de incapacidade recollidas na normativa vixente.

Ademais do anterior, ás solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación.

a) Copia auténtica do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. As interesadas e interesados deberán unirlle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 13,00 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e prezos públicos" que se atopa a disposición das e dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web.

c) Copia auténtica da titulación esixida.

d) Certificado médico ao que se refire o anterior parágrafo 5.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

#### 7º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

##### - A.- PROCESO SELECTIVO

##### - FASES DO PROCESO SELECTIVO:

Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación.

- O proceso selectivo constará das seguintes fases:

##### - A1. Fase de oposición

##### - A2. Curso teórico-práctico de formación e período en prácticas

##### - A1. FASE DE OPOSICIÓN

A fase de oposición constará de seis exercicios, eliminatorios cada un deles, de modo que non poderán pasar ao seguinte as persoas aspirantes que non alcanzasen a cualificación mínima establecida para cada un deles. A corrección dos exercicios realizarase garantindo en todo momento o anonimato das/os opositoras/es.

##### A1.1. Primeiro exercicio. PROBA DE COÑECEMENTO TEÓRICO

##### De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Este exercicio consistirá en desenvolver por escrito, nun tempo máximo de dúas horas e trinta minutos, un cuestionario dun máximo de 100 preguntas tipo test, con catro respostas alternativas, determinadas polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba e relacionado coas materias comprendidas no **Anexo I** desta convocatoria.

Esta proba será cualificada cunha nota de 0 a 10 puntos, sendo necesario alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalo, correspondéndolle ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar o mínimo sinalado.

Cada pregunta puntuarase do seguinte xeito:

- Se se acertou a resposta correcta, outórgaselle 1 punto positivo (+1)
- Se se fallou, outórganselle 0,25 puntos negativos (- 0,25)
- Se se deixou en branco, outórganselle 0 puntos (0)

A nota será calculada a partir dos puntos obtidos no test utilizando a seguinte fórmula:

$$N = 5 + 5 \frac{P - P_c}{100 - P_c}$$

Sendo:

P = Puntos obtidos pola persoa aspirante no test.

PC = Puntos de corte; isto é, puntos que debe conseguir a persoa aspirante para aprobar o test.

N = Nota obtida pola persoa aspirante no exercicio.

Nota aclaratoria: O test consta de 100 preguntas. Cada unha delas ten 4 opcións, sendo soamente unha resposta a correcta.

Unha vez puntuadas todas as preguntas, sumaráanse os puntos outorgados, co que se obtén o que se denomina **PUNTOS (P)**. Por iso, os máximos PUNTOS que se poden obter é de 100 puntos (respondendo todas as preguntas correctamente).

A continuación o tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar a puntuación mínima, é dicir, a puntuación necesaria para pasar este primeiro exercicio (**PUNTOS DE CORTE (PC)**).

Neste momento, convértense os PUNTOS, que poden chegar como máximo ata 100 puntos, na **NOTA (N)** do exercicio, que debe chegar, como moito, ata 10 puntos, mediante a aplicación da fórmula mencionada anteriormente.

Para a preparación deste exercicio, teranse en conta as seguintes referencias bibliográficas:

Manuais de preparación: "Formación Libre para Bombeiros". Publicados na páxina web do CEIS de Guadalaxara (<http://www.ceisguadalajara.es/category/documentacion/>).

Todos os documentos atópanse protexidos por unha licenza Creative Commons do tipo BY-NC-SA, de forma que se permite a súa copia, distribución, comunicación e transformación, sempre que se acredite a súa autoría (CEIS Guadalaxara e colaboradores correspondentes), non se utilice con fins comerciais e a obra ou as súas transformacións compártanse baixo unha licenza idéntica a esta.

Ademais, neste exercicio teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas no temario que estean en vigor no momento da publicación da relación definitiva de aspirantes admitidos.

#### **A1.2. Segundo exercicio. PROBAS FÍSICAS:**

##### **De carácter obrigatorio e eliminatorio.**

Consistirá en realizar todas as probas físicas que se indican no **Anexo II**.

Para superar este exercicio deberán superarse cada unha das probas de que consta o **Anexo II**, sendo, polo tanto, cada unha delas eliminatoria.

A nota final deste exercicio será o resultado da media do sumatorio da puntuación das probas contidas no **Anexo II**.

#### **A1.3. Terceiro exercicio: PROBAS PRÁCTICAS:**

##### **De carácter obrigatorio e eliminatorio.**

Consistirá en realizar todas as probas teórico-prácticas que se recollen no **Anexo III**.

Para superar este terceiro exercicio, o resultado da media do sumatorio da puntuación das probas contidas no **Anexo III**, deberá ser de cinco puntos.

As persoas aspirantes deberán realizar todas as probas contidas no **Anexo III**, e serán puntuadas cada unha delas entre 0 e 10 puntos. A cualificación final dos aspirantes que realizaron o terceiro exercicio farase sumando as puntuacións obtidas e dividíndoas entre todas as probas. As persoas aspirantes que non superaran a mínima puntuación, que será de cinco, quedarán eliminadas.

#### **A1.4. Cuarto exercicio: PROBA PSICOTÉCNICA:**

##### **De carácter obrigatorio e eliminatorio.**

Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais das persoas aspirantes e a súa adecuación ás funcións de bombeiro/a - condutor/ra que deberán desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado.

Terá que efectuarse e valorarse por persoal especialista.

A cualificación global será de apto/non apto.

Consistirá na realización de dúas probas:

**a) Proba de intelixencia:** Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou algúns dos seguintes factores: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

**b) Proba de personalidade:** A proba orientarase á avaliación dos trazos de personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño da función de bombeiro/a - condutor/ra, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes.

Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou de personalidade.

Entre outros, explorarase os seguintes aspectos: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación ás normas, capacidade de afrontar o estrés e motivación polo traballo de bombeiro/a - condutor/ra.

#### **A1.5. SEXTO EXERCICIO: Recoñecemento médico**

##### **De carácter obrigatorio e eliminatorio.**

Consistirá nun recoñecemento médico no que se valorará se nas persoas aspirantes concorre algunha das causas de exclusión que figuran no **Anexo IV** destas bases.

Cualificarase como apto ou non apto.

Para a realización da proba aplicaráselles ás persoas aspirantes as técnicas médicas de uso habitual que se xulguen oportunas, incluída a analítica de sangue e ouriños.

#### **A1.6. QUINTO EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.**

##### **De carácter obrigatorio e eliminatorio.**

Na realización deste exercicio haberá que atermos ao disposto na base décimo cuarta letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarias/os e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre.

#### **A1.7. PUNTUACIÓN FINAL DA FASE DE OPOSICIÓN:**

Unha vez superados todos os exercicios da fase de oposición, a puntuación final de cada aspirante, será o resultado da media do sumatorio das puntuacións totais obtidas nos exercicios 1,2 e 3 da fase de oposición, en base dez e redondeada ata a terceira cifra decimal.

#### **A1.8. Realización dos exercicios.**

As persoas aspirantes acudirán provistas do D.N.I. Non se permitirá o acceso ás zonas de oposición nas que se realicen os exercicios con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do que se poida valer o/a aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

O tribunal poderá requirirles ás persoas aspirantes ás ditas prazas de bombeiras/os condutora/or para realizar a proba de dopaxe, se o estimase oportuno.

#### **A2. Curso teórico-práctico de formación e período en prácticas (Nomeamento de funcionarios en prácticas):**

As persoas aspirantes, unha vez superada a fase de oposición e o cumprimento dos demais requisitos esixidos, ingresarán como funcionarias/os en prácticas e deberán superar, un curso teórico-práctico de formación para bombeiros/as condutores/as de novo ingreso e prácticas no centro de traballo, a realizar polo Concello e que constarán dun período de dous meses.

Unha vez concluído o período de formación e prácticas, o órgano responsable da súa avaliación elevará á autoridade que efectúe a convocatoria, o nomeamento de funcionarias/os de carreira das persoas aspirantes que superaran o mesmo.

As/os aspirantes que non superen o período de formación e prácticas, perderán o dereito ó seu nomeamento como funcionario de carreira, mediante resolución da Xunta de Goberno Local, de ser o caso, a proposta do órgano responsable do seguimento das prácticas ou da avaliación do curso.

As/os aspirantes que non puidesen realizar o período de formación e prácticas por causa de forza maior, debidamente xustificada e apreciada pola Alcaldía, poderán incorporarse ó inmediatamente posterior que se celebre intercalándose no lugar correspondente á puntuación obtida.

Estarán exentos da realización do curso e das prácticas referidas nos apartados anteriores, as/os aspirantes que poidan acreditar 12 meses ou máis de experiencia profesional como bombeiro/a condutor/a nalgún servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento.

## **ANEXO I: TEMARIO**

### **PARTE XERAL**

**TEMA 1.-** A Constitución de 1978: dereitos fundamentais e liberdades públicas. A Coroa. As Cortes Xerais. O Goberno.

**TEMA 2.-** A Comunidade Autónoma Galega: o Parlamento de Galicia. Administración autonómica de Galicia. Organización e Estrutura básica.

**TEMA 3.-** O réxime local español: principios constitucionais. As entidades locais. O municipio. Poboación e termo municipal. Organización e competencias. Servizos municipais. O municipio de Lugo.

**TEMA 4.-** O procedemento administrativo común: principios. Estrutura. Fases do procedemento administrativo. A revisión dos actos administrativos: os recursos.

### **PARTE ESPECÍFICA**

**TEMA 5.-** Teoría do lume: Definición de combustión. Diferenza entre lume e incendio. Clases de lumes segundo a UNE EN 2. Triángulo e Tetraedro do lume. O comburente. Os combustibles. O rango e os límites superior e inferior de inflamabilidade. A enerxía de activación. A reacción en cadea. Produtos da combustión. A Calor e a temperatura. Métodos de transferencia de calor (conducción, radiación e convección). A Chama. O Fume. Os gases de combustión. Fases na evolución dun incendio.

**TEMA 6.-** Teoría da extinción do lume e axentes extintores: Extinción por desalimentación ou eliminación do combustible; Extinción por sofocación, dilución ou eliminación do comburente; Extinción por redución da temperatura ou enfriamento; Extinción por inhibición ou rotura da reacción en cadea. Principias axentes extintores sólidos, líquidos e gaseosos. Propiedades dos axentes extintores. Mecanismos de extinción dos axentes extintores. Aplicación e limitacións dos axentes extintores.

**TEMA 7.-** Materiais, equipos e ferramentas de extinción, e outros empregados na loita contra incendios: Mangueiras. Racores. Bifurcacións. Reducións. Lanzas. Monitores. Proporcionadores e xeradores de espuma. Ventiladores. Instrumentos de medición (Detector de gases, cámara térmica). Cordas guía.

**TEMA 8.-** Nocións básicas do Real Decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios (RIPCI), ANEXO I, Sección 1, Protección activa contra incendios: Os extintores de incendio. Definición, clasificación en función da carga, emplazamento, identificación e eficacia dos extintores; Sistemas de Bocas de Incendio Equipadas. Tipoloxías, Características principias e instalación das BIE; Columna seca. Características principias das columnas secas; Sistemas fixos de extinción. Tipoloxías e composición básica dos sistemas fixos de extinción.

**TEMA 9.-** Hidráulica básica: Presión. Presión atmosférica. Unidades de presión. Aparatos de medida. O caudal. Hidrodinámica. Leis fundamentais da hidrodinámica. Perdas de carga nunha instalación hidráulica (tendido de mangueiras). Reacción en lanza. Golpe de ariete. Efecto Venturi. Bombas centrífugas empregadas nos vehículos contra incendios e turbobomba; compoñentes principias e principios de funcionamento. A aspiración en bombas. Cebado das bombas centrífugas.

**TEMA 10.-** Equipos de protección individual: Clasificación dos EPI segundo o Regulamento (UE) 2016/425 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2016, relativo aos equipos de protección individual. Normativa de aplicación e especificacións principias de cascos, capuces, traxe de intervención formado por chaquetón e cobrepantalón, arneses de suxeición, asento e antiácidas, calzado, luvas, equipos especiais para protección do bombeiro na loita contra o lume.

**TEMA 11.-** Protección respiratoria para bombeiros: Riscos respiratorios para os bombeiros. Tipos de equipos de protección respiratoria. Compoñentes dos equipos de protección respiratoria autónomos de circuito aberto de aire comprimido e presión positiva (E.R.A.). Autonomía. Cálculo teórico da autonomía a partir dun consumo dado.

**TEMA 12.-** Extinción de incendios no interior de edificios e establecementos industriais: Consideracións xerais das técnicas de intervención nos incendios en edificios e establecementos industriais. Control da propagación. Métodos de aplicación de auga con mangueiras. Tendidos de mangueira e tipoloxías dos mesmos. Riscos de flashover e backdraft. Traballos en espazos sen visibilidade. Técnicas de mergullo en fume, rastreo e búsqueda de vítimas. Caracterización dos establecementos industriais segundo o Real Decreto 2267/2004, de 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais (RSCIEI), Configuración e ubicación do establecemento con relación ao entorno e nivel de risco intrínseco. Os fenómenos de BLEVE e BOILOVER.

**TEMA 13.-** Incidentes con mercadorías perigosas: Clasificación das mercadorías perigosas segundo o ADR (Acordo Internacional para o transporte de mercaderías perigosas por estrada). Identificación das mercadorías perigosas. Panel Laranxa (número de identificación do perigo e número de identificación da materia ou número

ONU). Etiquetas de perigo (Placas - etiquetas). Tipoloxías dos accidentes con mercaderías perigosas. Niveis de protección na vestimenta dos bombeiros nas emerxencias NRBQ (Nuclear, Radiolóxica, Biolóxica e Química). Zonificación. Descontaminación.

**TEMA 14.-** Protección pasiva fronte ao lume: Reacción e resistencia ao lume dos produtos de construción e elementos constructivos. Definición e clasificación.

**TEMA 15.-** Apeos e apuntalamentos. Definicións. Ferramentas e materiais. Tipoloxía dos apuntalamentos. Entibacións. Tipos de entibacións. Risco Eléctrico. Contacto eléctrico directo e indirecto. Intervención en incidentes con alta e baixa tensión.

**TEMA 16.-** Os incendios forestais e de interface urbano forestal: Clases de incendios forestais. Partes dun incendio forestal. Factores que determinan o comportamento dun incendio forestal. Modelos de combustibles forestais. Técnicas de intervención, ataque directo e ataque indirecto. Liñas de control e de defensa. Queimas de ensanche. Contralumes. Cortalumes. Aditivos empregados na loita contra lumes forestais. Aplicación de auga. Precaucións xerais.

**TEMA 17.-** Rescate e salvamento: Rescates en accidentes de tráfico. Ferramentas hidráulicas e neumáticas de rescate. Outros equipos utilizados en accidentes de tráfico. Zonificación do accidente. Técnicas de estabilización dos vehículos. Técnicas básicas de desencarceración. Extracción da vítima. Material de rescate e salvamento: coñecemento básico de cordas, nós, descensores, polipastos e outros elementos. Factor de caída.

**TEMA 18.-** Iniciación ás técnicas de primeiros auxilios: Anatomía básica. Valoración primaria e secundaria. Soporte Vital Básico. Primeros auxilios en caso de fallo cardio respiratorio (RCP), queimaduras, feridas, hemorrxias, fracturas, hipotermia, golpe de calor, atragantamentos, intoxicacións. Triaxe. Mobilización e inmoviolización de accidentados.

**TEMA 19.-** Regulamento do Corpo de Bombeiros do Excmo. Concello de Lugo: Cometido do corpo de bombeiro/as, organización, deberes e atribucións dos bombeiros/as e bombeiros/as condutores/as.

**TEMA 20.-** Guía da cidade de Lugo: Situación de edificios singulares, históricos e oficiais; Situación de rúas, prazas, vías de comunicación, barrios, ríos do termo municipal; Percorridos (camiño a seguir entre dous puntos).

## **ANEXO II: PRÓBAS FÍSICAS**

### **1ª. PROBA DE FONDO: 2000 METROS LISOS.**

**Proba eliminatoria:** As persoas aspirantes que non acaden cinco puntos quedarán eliminadas.

**Obxecto:** Medir a capacidade de traballo aeróbica dos aspirantes.

**Descrición:** A proba consistirá en percorrer unha distancia de 2.000 metros nunha pista de atletismo de 400 metros de corda, nun tempo máximo de 8 minutos e 40 segundos para as mulleres e de 7 minutos e 30 segundos para os homes.

**Procedemento do inicio da proba:** orde de saída das e dos aspirantes corredores por apelido á hora de ocupar a súa rúa.

**Medición:** A cronometraxe farase con chip para maior fiabilidade e obxectividade de cara ás persoas aspirantes. O cronómetro poñerase en marcha cando a persoa que ordea a saída baixe a man alzada, emita un asubío ou accione unha pistola de atletismo. O cronómetro deterase cando alcance a meta cada corredor.

Anotarase o tempo investido en minutos e segundos.

- Non se permite interferir uns corredores con outros.
- O calzado para utilizar debe ser deportivo, con solo de goma, estando permitido o uso de zapatillas de cravos.
- **Intentos:** A proba efectúase nun único intento.

**Puntuación:** Será de acordo coa seguinte taboa de tempos:

TEMPO HOMES	TEMPO MULLERES	PUNTUACIÓN
Máis de 7`30"	Máis de 8`40"	<b>ELIMINADO</b>
Entre 7`30" e 7`15"	Entre 8`40" e 8`20"	<b>5 PUNTOS</b>
Menos de 7`15" e 7`00"	Menos de 8`20" e 8`00"	<b>6 PUNTOS</b>
Menos de 7`00" e 6`45"	Menos de 8`00" e 7,40"	<b>7 PUNTOS</b>
Menos de 6`45" e 6`30"	Menos de 7`40" e 7`20"	<b>8 PUNTOS</b>

Menos de 6´30" e 6´15"	Menos de 7´20" e 7´00"	<b>9 PUNTOS</b>
Menos de 6´15"	Menos de 7´00"	<b>10 PUNTOS</b>

## **2ª. PROBA COMBINADA NATACIÓN - SOCORRISMO**

**Proba eliminatoria:** As persoas aspirantes que non acaden cinco puntos quedarán eliminadas.

**Obxecto:** Comprobar se a persona aspirante se desenvolve nun medio acuático con autonomía suficiente, e é capaz de levar a cabo desprazamentos eficaces tanto por superficie como subacuáticos, así como facendo una simulación de rescate mediante remolque.

**Descrición:** Consistirá nunha proba combinada de natación e socorrismo de 100 metros nunha piscina de 25 metros de lonxitude, a realizar nun tempo máximo de 2 minutos e 55 segundos para as mulleres e de 2 minutos e 30 segundos para os homes.

- **Execución:** As persoas aspirantes deberán facer a nado libre 50 metros (ida e volta do vaso). Unha vez chegados ao lugar do inicio, mergullaranse ata o lugar onde se sitúe o boneco (na parte profunda do vaso e a 15 metros da parede de inicio). Una vez recuperado o boneco arrastrarase ata o final da parede oposta ao inicio, tocarase esta coa man e seguirase o remolque ata a parede contraria, a do inicio da proba, apoiándose cun dos brazos na parte superior do bordo da piscina sen soltar o boneco para que a proba se considere rematada.
- **Fases da proba:**
- **SAÍDA:** Saltarase dende fóra do vaso á auga. A entrada á auga será de pé sen afundir a cabeza.
- **NADO:** Una vez dentro da auga, realizarase a nado libre unha distancia de 50 metros.
- **MERGULLO:** Dende a parede de inicio, as persoas aspirantes somerxeranse ata chegar á vítima, que estará a 15 metros da parede de inicio.
- **ARRASTRE:** Arrastrarase a vítima utilizando as técnicas correctas durante 35 metros.

**Medición:** O cronómetro poñerase en marcha cando a persoa que ordea a saída dea a voz de "xa", ou accione un chifre. O cronómetro deterase cando a persoa aspirante finalice a fase de arrastre apoiándose cun dos brazos na parte superior do bordo da piscina sen soltar o boneco.

Anotarase o tempo investido en minutos e segundos.

### **Regras:**

- A persoa aspirante manterase en todo momento pola rúa asignada e delimitada polas corcheras
- A recollida do boneco poderase facer con impulso desde o fondo do vaso.
- Durante o remolque, a cara do boneco remolcado permanecerá en todo momento fóra da auga.
- Para o arrastre do boneco seguirase o regulamento da federación nacional de socorrismo.

**Invalidacións:** Será motivo de eliminación da persoa aspirante, o cambio de rúa, o feito de axudarse coas corcheras, saír á superficie durante a fase de mergullo ou efectuar dúas saídas falsas.

**Intentos:** Dous intentos en caso de saída falsa. A persoa aspirante que faga dúas saídas falsas, quedará eliminado.

**Puntuación:** Será de acordo coa seguinte taboa de tempos:

<b>TEMPO HOMES</b>	<b>TEMPO MULLERES</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
Máis de 2´30"	Máis de 2´55"	<b>ELIMINADO</b>
Entre 2´30" e 2´20"	Entre 2´55" e 2´44"	<b>5 PUNTOS</b>
Menos de 2´20" e 2´10"	Menos de 2´44" e 2´33"	<b>6 PUNTOS</b>
Menos de 2´10" e 2´00"	Menos de 2´33" e 2´22"	<b>7 PUNTOS</b>
Menos de 2´00" e 1´50"	Menos de 2´22" e 2´11"	<b>8 PUNTOS</b>
Menos de 1´50" e 1´40"	Menos de 2´11" e 2´00"	<b>9 PUNTOS</b>
Menos de 1´40"	Menos de 2´00"	<b>10 PUNTOS</b>



### **3ª. PROBA CIRCUITO PSEUDO-TÁCTICO-TERRESTRE**

**Proba eliminatoria:** As persoas aspirantes que non acaden cinco puntos quedarán eliminadas.

**Obxecto:** Medir a resistencia mixta (aeróbica e anaeróbica), a forza, o equilibrio e a coordinación das persoas aspirantes.

**Descrición:** A proba consistirá en realizar un circuíto pseudo-táctico-terrestre de seis exercicios nun tempo máximo de 6 minutos e 10 segundos para as mulleres e de 5 minutos e 20 segundos para os homes.

O circuíto estará composto polos seguintes seis exercicios:

- *Proba de press de banca.*
- *Ascenso por corda lisa (cinco metros).*
- *Superación dun parapeto (Muro).*
- *Proba de salvamento (arrastre de persoa).*
- *Barra de equilibrio.*
- *Carreira vertical pola torre de manobras ou edificio.*

**Secuencia de execución do circuíto pseudos-táctico-terrestre:** O circuíto comezará coa proba de press de banca e continuará de acordo ao seguinte orde:

#### **1. Press de banca**

O aspirante deberá realizar 40 repeticións utilizando unha barra e discos cun peso total do conxunto de 40 kg para homes e 30 kg para mulleres.

Para iniciar a realización do exercicio o aspirante situarase en posición de decubito supino nun banco plano cos glúteos, cadeiras e ombreiros sobre o banco. Os pés deben apoiarse e permanecer no chan durante o exercicio. As mans deberán tomar a barra de maneira que as palmas miren cara a adiante, é dicir, en pronación, e separadas lixeiramente máis aló da anchura dos ombreiros.

Unha repetición correctamente executada considerarase baixar a barra dende a posición inicial (brazos estendidos), ata tocar o peito e subila novamente. A extensión dos brazos deberá ser completa, non serán contabilizadas as repeticións que non toquen o peito na posición baixa ou nas que non se realice a extensión completa na posición alta.

Á voz de "LISTO" o aspirante liberará a barra do soporte de fixación e manterá a barra da posición inicial. Á voz de "XA" comezará a execución do exercicio de press de banca e comezará a cronometrarse o tempo do circuíto pseudo-táctico-terrestre.

Durante a realización do exercicio o aspirante non poderá volver colocar a barra nos soportes de fixación ata completar as 40 repeticións. Será motivo de descalificación da proba.

Unha vez realizadas as 40 repeticións o aspirante depositará a barra sobre os soportes, abandonará o banco de press de banca e percorrerá unha distancia aproximada de 5 metros ata a localización do seguinte elemento do circuíto.

#### **2. Ascenso por corda lisa**

A persoa aspirante realizará a subida por unha corda lisa de 5 metros, a pulso e sen axuda da presa de pés ou pernas, partindo dende a posición de sentado. A subida finalizará cando as dúas mans agarren a corda por encima dunha marca na corda que identifica os 5 metros de altura, ou faga soar unha campá.

A baixada pola corda, será realizada polo método que o aspirante considere máis apropiado, ser perder contacto en ningún momento coa mesma.

#### **3. Superación dun parapeto (muro)**

Superado o exercicio do ascenso por corda, a persoa aspirante desprazarase dende a localización da corda ata un parapeto que simula un muro, percorrendo unha distancia aproximada de 10 metros e salvando o muro por encima do mesmo. As dimensións aproximadas do muro serán de 228 cm de alto, 252 cm de longo e 6 cm de ancho.

#### **4. Proba de salvamento (arrastre de persoa)**

Unha vez salvado o muro, o aspirante percorrerá unha distancia aproximada de 10 metros ata a posición onde se atope un maniquí que terá un peso aproximado de 70 kg e unha altura aproximada de 1,80 metros.

O aspirante deberá arrastrar o maniquí 20 metros, en dous traxectos de 10 metros, un de ida ata superar e bordear unha marca no chan e outro de volta ata a posición de orixe indicada no chan mediante un contorno delimitado.

**Secuencia de execución:** O maniquí atoparase no chan en posición de decúbito prono dentro dun contorno delimitado.

A persoa aspirante collerá o maniquí e elevarao situando as costas do maniquí na parte anterior do torso, abrazando o tronco por baixo das axilas, e deixando os brazos libres. O transporte deberao realizar suspendéndoo do chan ou só co apoio das pernas do maniquí, e ira desprazándose de costas, segundo o sentido da marcha ata exceder e bordear a marca disposta no chan, identificativa dos 10 metros. Os pés do maniquí deberán pasar totalmente a marca dos 10 metros. Unha vez superada a marca o opositor bordeará a mesma dando a volta e realizará o traxecto de volta do mesmo xeito ata o contorno delimitado onde colleu o maniquí para colocalo dentro do mesmo en posición de tendido supino e coa mesma orientación inicial, momento no que finalizará a realización da devandita proba de salvamento.

**Invalidacións:** Non se considerará válido, e polo tanto, rematada a proba de salvamento, cando a persoa aspirante non arrastre o maniquí da forma indicada no parágrafo anterior, non se superen as marcas indicadas, ou se deposite total ou parcialmente fora do contorno delimitado ou en distinta posición á sinalada.

Do mesmo xeito, se o aspirante cae ou solta o maniquí accidentalmente, deberá retomar o arrastre dende a posición de orixe indicada no chan mediante un contorno delimitado.

### **5. Barra de equilibrio**

Unha vez finalizado o exercicio de arrastre, a persoa aspirante percorrerá unha distancia de transición aproximada de 5 metros ata a barra de equilibrio.

Unha vez perante a barra de equilibrio, a persoa aspirante cargará coas súas mans un balón medicinal dun peso aproximado de 9 kg, que se encontrará no chan. A continuación, subirá a unha barra de equilibrio, cunhas medidas aproximadas de 5 metros de lonxitude, unha anchura de 11 cm e unha altura de 1,20 metros desde o chan.

A subida á barra farase a través dunha rampla colocada dende o chan ata un dos extremos da barra de equilibrio, ou outro elemento que permita o acceso á mesma.

Unha vez subida á barra de equilibrio, a persoa aspirante desprazarase pola mesma ata superar unha marca na barra situada a 50 cm do final da mesma. Unha vez superada a marca e sen virar na súa posición, realizará o percorrido de volta de costas ata superar unha segunda marca, momento no que poderán soltar o balón medicinal para posteriormente descender ao nivel do chan, finalizando a realización da devandita proba de equilibrio.

Durante o exercicio, non estará permitido tocar a barra coas mans, nin apoiarse con algunha parte do corpo que non sexan os pés. Se isto ocorre, a persoa aspirante deberá repetir o exercicio dende o principio, accedendo novamente á barra de equilibrio a través da rampla de acceso á mesma.

Do mesmo xeito, a caída dende a barra ao chan ou soltar o balón medicinal antes de superar as marcas, implicará a repetición do exercicio desde o principio, sen que este feito supoña a súa descalificación.

### **6. Carreira vertical pola Torre de manobras**

Unha vez finalizada a proba de equilibrio o aspirante percorrerá unha distancia aproximada de 100 metros, sinalizada convintemente, ata a entrada da torre de manobras.

Na entrada á torre de manobras o aspirante colocará un equipo autónomo, constituído por unha espaldeira e unha botella cun peso aproximado do conxunto de 12 kg.

O equipo, que estará ubicado dentro dun contorno delimitado, deberá colocarse sobre as costas, axustando correctamente os atalaxes dos ombreiros e o cinto lumbar.

O aspirante realizará o ascenso á torre ata o 7º piso, onde bordeará un cono antes de comezar o descenso.

A persoa aspirante, realizará o descenso ata a entrada á torre, e depositará o equipo autónomo dentro do contorno delimitado a tal efecto, logo de deixar correctamente liberado o cinto lumbar e os atalaxes dos ombreiros.

Unha vez a persoa aspirante abandone a torre cruzando o limiar da porta, deterase o tempo da proba do circuíto pseudo- tático-terrestre.

Coa finalidade de non xerar vantaxes entre os opositores, a proba non poderá ser observada por aqueles candidatos que non executasen a proba.

**Medición:** O cronómetro poñerase en marcha cando a persoa que ordea a saída dea a voz de "XA", ou accione un chifre, no primeiro exercicio do circuíto (Press de banca). O cronómetro deterase cando a persoa aspirante abandone a torre cruzando o limiar da porta despois de terminar o último exercicio (Carreira vertical pola torre de manobras).

Anotarase o tempo investido en minutos e segundos.

**Intentos:** A proba realizarase nun só intento.

**Puntuación:** Será de acordo coa seguinte taboa de tempos:

TEMPO HOMES	TEMPO MULLERES	PUNTUACIÓN
Máis de 5´20"	Máis de 6´10"	<b>eliminado</b>
Entre 5´20" e 5´02"	Entre 6´10" e 6´49"	<b>5 puntos</b>
Menos de 5´02" e 4´44"	Menos de 6´49" e 5´28"	<b>6 puntos</b>
Menos de 4´44" e 4´26"	Menos de 5´28" e 5´07"	<b>7 puntos</b>
Menos de 4´26" e 4´08"	Menos de 5´07" e 4´46"	<b>8 puntos</b>
Menos de 4´08" e 3´50"	Menos de 4´46" e 4´25"	<b>9 puntos</b>
Menos de 3´50"	Menos de 4´25"	<b>10 puntos</b>

### **ANEXO III: PROBAS PRÁCTICAS**

#### **1ª. SUBIDA Á AUTOESCALEIRA**

**Obxecto:** Acreditar a tolerancia ao traballo en altura (vertixe e equilibrio).

**Descrición:** A proba consistirá en subir e baixar unha autoescaleira de lonxitude aproximada de 30 metros cunha inclinación aproximada de 65º, nun tempo máximo puntuable de 2 minutos e 45 segundos para as mulleres e de 2 minutos e 20 segundos para os homes.

**Execución:** A persoa aspirante, debidamente asegurada, realizará a subida da autoescaleira de 30 metros, ata o final da mesma, chegando polo menos cunha das mans ó sinal debidamente indicado no final do ascenso (que poderá ser visual ou acústico). Posteriormente, comezará o descenso ata o punto de partida da proba. A posición de subida e de baixada será coa cara enfrontada aos chanzos, co agarre directamente sobre eles. Non se permitirá saltar chanzos nen na subida nen na baixada.

Coa finalidade de non xerar vantaxes entre os opositores, a proba non poderá ser observada por aqueles candidatos que non executasen a proba.

**Medición:** Será manual con cronómetro, que se porá en funcionamento ao sinal de comezo da proba e se deterá cando o aspirante remate o descenso.

Anotarase o tempo investido en minutos e segundos.

**Intentos:** A proba efectuarase nun único intento.

**Invalidacións:** A invalidación dalgún aspirante, por non executar a proba de acordo ao establecido anteriormente, ou por superar o tempo máximo implicará una puntuación de 0 puntos na proba.

**Puntuación:** Será de acordo coa seguinte taboa de tempos:

TEMPO HOMES	TEMPO MULLERES	PUNTUACIÓN
Máis de 2´20"	Máis de 2´45"	<b>0 puntos</b>
Entre 2´20" e 2´13"	Entre 2´45" e 2´37"	<b>1 puntos</b>
Menos de 2´13" e 2´05"	Menos de 2´37" e 2´28"	<b>2 puntos</b>
Menos de 2´05" e 1´57"	Menos de 2´28" e 2´19"	<b>3 puntos</b>
Menos de 1´57" e 1´49"	Menos de 2´19" e 2´10"	<b>4 puntos</b>
Menos de 1´49" e 1´41"	Menos de 2´10" e 2´01"	<b>5 puntos</b>
Menos de 1´41" e 1´33"	Menos de 2´01" e 1´52"	<b>6 puntos</b>
Menos de 1´33" e 1´27"	Menos de 1´52" e 1´45"	<b>7 puntos</b>
Menos de 1´27" e 1´21"	Menos de 1´45" e 1´38"	<b>8 puntos</b>

Menos de 1´21" e 1´15"	Menos de 1´38" e 1´32"	<b>9 puntos</b>
Menos de 1´15"	Menos de 1´32"	<b>10 puntos</b>

### **2ª. RECOÑECEMENTO DE MATERIAL**

**Obxecto:** Acreditar o coñecemento dos candidatos en relación aos materiais, ferramentas, equipos e maquinaria máis empregados polos servizos de prevención, extinción de incendios e salvamento no desempeño das súas obrigas.

**Descrición:** A persoa aspirante deberá mostrar os seus coñecementos en relación a cinco obxectos, nun tempo máximo de 15 minutos. Os cinco obxectos serán elixidos polo tribunal o mesmo día da proba e serán os mesmos para todos os aspirantes.

**Execución:** Os aspirantes, que entrarán en tandas determinadas polo tribunal o mesmo día da proba, terán diante de sí un total de 5 obxectos. Unha vez comezada a proba, deberán contestar por escrito a un total de 20 preguntas de resposta curta (4 preguntas por cada obxecto), as cales terán relación coa identificación do obxecto, a identificación dos seus compoñentes ou partes principias, o modo de instalación ou funcionamento básico do mesmo e o uso ou usos para os que foi destinado.

Coa finalidade de non xerar vantaxes entre os opositores, a proba non poderá ser observada por aqueles candidatos que non executasen a proba.

**Medición:** Será manual con cronómetro, que se porá en funcionamento ao sinal de comezo da proba e se deterá cando transcurran 15 minutos.

**Intentos:** A proba efectuarase nun único intento, durante o cal, os aspirantes poderán modificar, complementar ou anular as súas respostas, dentro do tempo máximo establecido.

**Puntuación:** Cada un dos cinco obxectos valorarase de acordo coa seguinte táboa, ata un máximo de 2 puntos, de forma que quen conteste correctamente as catro preguntas de cada un dos cinco obxectos, obterá a puntuación máxima de 10 puntos.

<b>OBXECTIVO</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
Identificación do obxecto	<b>0,5 PUNTOS</b>
Partes ou compoñentes principias	<b>0,5 PUNTOS</b>
Instalación ou funcionamento básico	<b>0,5 PUNTOS</b>
Uso ou usos para os que está destinado	<b>0,5 PUNTOS</b>

### **3ª. PROBA DE ORIENTACIÓN E ADAPTACIÓN A ESPAZOS CONFINADOS E SEN VISIBILIDADE**

**Obxecto:** Acreditar a capacidade de orientación e a tolerancia dos candidatos aos traballos en espazos confinados e sen visibilidade.

**Descrición:** Consistirá en percorrer un circuíto sen visibilidade, o cal poderá ser de distintos niveis, dentro dun tempo máximo (Tmáx) que será determinado polo tribunal antes do comezo da proba.

O circuíto estará delimitado por comportas metálicas dentro dunha instalación, ben mediante unha xaula específica ou mediante outros útiles de confinamento, e terá un só punto de entrada, diferenciado dun só punto de saída.

As persoas aspirantes irán provistas de roupa e calzado deportivo, recomendando o uso de xeonlleiras e cobadeiras.

Previo á realización da proba, o tribunal permitirá aos aspirantes o acceso visual á instalación. Unha vez rematada a inspección ocular por parte dos aspirantes, o tribunal, a porta pechada, delimitará o percorrido do circuíto a realizar que será igual para todos os aspirantes, así coma o tempo máximo para a súa execución (Tmáx).

**Execución:** Os aspirantes, partindo dende o punto delimitado de saída, e provistos de casco e máscara, deberán percorrer un circuíto en condicións de escuridade, ben cegando a máscara, inundando o espazo de fume artificial, ou calquera outro xeito que impida ao aspirante ver o circuíto a percorrer. A proba rematará cando o aspirante chegue ao final do circuíto.

Coa finalidade de non xerar vantaxes entre os opositores, a proba non poderá ser observada por aqueles candidatos que non executasen a proba.

**Medición:** Será manual con cronómetro, que se porá en funcionamento ao sinal de comezo da proba e se deterá cando o aspirante chegue ao final do circuito.

Anotarase o tempo investido en minutos e segundos.

**Intentos:** A proba efectuarase nun único intento.

**Invalidacións:** O feito de quitar a máscara, ou valerse de calquera medio que permita ao aspirante ver o circuito a percorrer, suporá unha puntuación de 0 puntos na proba.

**Puntuación:** Esta proba será valorada polo tribunal de cero a dez puntos, de acordo cos tempos realizados polos aspirantes.

Unha vez rexistrados todos os tempos, o tribunal obterá o rango (R) entre notas. O rango obterase logo de dividir entre dez, a diferente en segundos existente entre o menor tempo registrado na proba e o tempo máximo (Tmáx), redondeando á unidade.

Unha vez obtido o rango (R), fixarase a táboa de puntuacións e as correspondentes notas obtidas polas persoas aspirantes.

Os aspirantes que superen o tempo máximo (Tmáx) obterán una puntuación de cero puntos na proba.

#### 4ª. - TENDIDO DE MANGUEIRAS

**Obxecto:** Acreditar a soldadura e coñecemento do manexo do material básico de extinción de incendios.

**Descripción:** A proba consistirá en realizar una instalación hidráulica completa (tendido de mangueras) dende a súa conexión coa bomba do vehículo, ata o momento de solicitar auga dende a lanza, nun tempo máximo puntuable de 1 minuto e 35 segundos para as mulleres e de 1 minuto e 22 segundos para os homes. Para levar a cabo dita proba empregarase o seguinte material, situado no chan ao pe do vehículo autobomba:

- Unha manguera de 70 mm de diámetro.
- Unha Bifurcación de 70//45/45.
- Dúas mangueras de 45 mm de diámetro, enroladas en simple.
- Dúas lanzas de 45.

**Execución:** Os aspirantes, partindo dende o punto delimitado de saída, deberán realizar un tendido de mangueras dende a bomba do camión, consistente en unha liña de 70, bifurcación 70//45/45, dúas liñas de 45 e as súas respectivas lanzas. A instalación deberá facerse de xeito que o aspirante de paso de auga a unha das liñas do tendido dende a bifurcación. Finalmente o aspirante deberá situarse nunha marca situada no chan dende a cal pedirá auga ao operador de bomba.

**Medición:** Será manual con cronómetro, que se porá en funcionamento ao sinal de comezo da proba e se deterá cando o aspirante solicite "AUGA" dende a lanza adecuada (aquela conectada á liña que tivera aberto o paso de auga dende a bifurcación).

Anotarase o tempo investido en minutos e segundos.

**Nota aclaratoria:** A persoa aspirante, deberá deixar aberta a válvula da bifurcación que de paso a lanza dende a que pedirá auga. A outra deberá quedar pechada.

**Intentos:** A proba efectuarase nun único intento.

**Puntuación:** Será de acordo coa seguinte taboa de tempos:

TEMPO HOMES	TEMPO MULLERES	PUNTUACIÓN
Máis de 1´22"	Máis de 1´35"	<b>0 puntos</b>
Entre 1´22" e 1´17"	Entre 1´35" e 1´30"	<b>1 puntos</b>
Menos 1´17" e 1´11"	Menos 1´30" e 1´24"	<b>2 puntos</b>
Menos 1´11" e 1´08"	Menos 1´24" e 1´21"	<b>3 puntos</b>
Menos 1´08" e 1´05"	Menos 1´21" e 1´18"	<b>4 puntos</b>
Menos 1´05" e 1´02"	Menos 1´18" e 1´15"	<b>5 puntos</b>
Menos 1´02" e 0´59"	Menos 1´15" e 1´12"	<b>6 puntos</b>

Menos 0´59" e 0´56"	Menos 1´12" e 1´09"	<b>7 puntos</b>
Menos 0´56" e 0´53"	Menos 1´09" e 1´06"	<b>8 puntos</b>
Menos 0´53" e 0´50"	Menos 1´06" e 1´03"	<b>9 puntos</b>
Menos de 0´50"	Menos de 1´03"	<b>10 puntos</b>

Coa finalidade de non xerar vantaxes entre os opositores, a proba non poderá ser observada por aqueles candidatos que non executasen a proba.

#### 5ª. - NÓS

**a) Obxecto:** Acreditar a soltura e coñecemento na realización de nós con cordas.

**b) Descrición:** A proba consistirá na realización de algúns dos seguintes nós, segundo a UIAA (Unión Internacional de Asociacións de Alpinismo): Chairo, ballestrinque, nó de fita, presilla de laberca, dinámico, oito dobre, oito dobre seo (dobre gaza), nove dobre, pescador dobre e bolboreta.

Antes de comenzo a proba, o tribunal elixirá oito dos dez nós mencionados anteriormente, e determinará, tanto o modo de aplicación dos nós, podendo solicitar a súa aplicación nun soporte (barra, mosquetón, argola, etc.) ou ben na man, como o modo de execución (por seo ou por chicote).

Por seo: denomínase cando o nó empeza e acaba coas dúas puntas xuntas.

Por chicote: cando se realiza o nó primeiro nunha das puntas e termínase seguindo a outra punta en todo o seu percorrido.

**c) Execución:** Os aspirantes, partindo dende a súa posición, deberán realizar un total de oito nós con cordas nun tempo máximo de 10 minutos. Os cales deberán quedar ben executados e peiteados.

**d) Medición:** Será manual con cronómetro, que se porá en funcionamento ao sinal de comezo da proba e se deterá cando transcurran 10 minutos, ou antes, se o aspirante considera rematados os 8 nós.

**e) Intentos:** Tantos intentos coma que se queira, dentro do tempo máximo de 10 min.

**e) Puntuación:** Cada un dos oito nós, valorarase do seguinte xeito:

EXECUCIÓN	PUNTUACIÓN
Nó ben executado e peiteado	<b>1,25 PUNTOS</b>
Nó ben executado pero mal rematado e/ou peiteado	<b>0,6 PUNTOS</b>
Nó mal executado ou non realizado	<b>0 PUNTOS</b>

A persoa aspirante que executara e peiteara correctamente os oito nós, obtería unha puntuación máxima de 10 puntos.

Coa finalidade de non xerar vantaxes entre os opositores, a proba non poderá ser observada por aqueles candidatos que non executasen a proba.

#### 6ª. - SUPOSTO TEÓRICO - PRÁCTICO

**a) Obxecto:** Acreditar os coñecementos dos aspirantes en relación as tipoloxías de intervención máis comúns nos servizos de prevención, extinción de incendios e salvamento no desempeño das sus obrigas.

**b) Descrición:** Consistirá na resolución por escrito dun suposto teórico-práctico determinado polo tribunal, no tempo máximo de dúas horas, en relación coas actividades propias do posto de Bombeiro/a Conductor/a. O suposto poderá conter preguntas curtas, de tipo test, ou de calquer outro tipo relacionadas cos temas específicos esixidos nestas bases.

**c) Puntuación:** A puntuación desta proba, será valorada polo tribunal de cero a dez puntos.

#### ANEXO IV: CAUSAS DE EXCLUSIÓN MÉDICA

##### Causas de exclusión:

Non estar comprendida/o entre o 3 a 5 de corpulencia. O índice resultará de dividir o peso do individuo en kg polo seu talle en decímetros.

Perímetro torácico, máximo-mínimo, de 4 centímetros ou superior.

Non alcanzar na espirometría capacidade vital e volume espiratorio máximo por segundo superior ao 80%.

Obesidade manifesta: presentar un índice de masa corporal superior ao 30%.

Infantilismo marcado.

Cicatrices que, pola súa extensión ou adherencia aos órganos profundos ou ao esqueleto, comprometan o funcionamento de tales órganos e o movemento dos membros.

Falta ou perda de un ou de ambos os dous labios.

Falta ou perda total da mandíbula inferior ou parcial das mandíbulas que determinen trastornos funcionais graves.

Falta ou perda parcial ou total da lingua.

Enfermidades dos aparatos respiratorio e circulatorio.

Deformación do tórax que modifique ou dificulte a respiración ou circulación ou entorpeza os movementos do tronco.

Varices de intensidade que se marquen claramente en bipedestación.

Lesións valvulares.

Hipertensión ou hipotensión marcadas.

Patoloxía cardíaca grave.

Enfermidades do aparato locomotor.

Amputación de calquera dedo ou parte deste en ambas as dúas mans.

Falta do dedo gordo do pé.

Pés planos marcados ou con arco plantar pouco marcado.

Atrofias e anquilose dun membro que sexan incompatibles cos esforzos e servizos do corpo.

Escoliose, cifose ou lordose que produza asimetría na bipedestación.

*Genu vacuum é genu valgum.*

Lesións en mans e dedos que produzan limitacións de flexión ou extensión.

Visión: Recoñecemento da visión e comprobación da agudeza visual.

Serán causas de nulidade os defectos de refracción e as miopías superiores a dúas dioptrías, ou non superar ¼ da escala Wecker a distancia marcada. Daltonismo en todos os seus graos.

Audición e equilibrio: Son causas de nulidade a xordeira, en calquera grao, e padecer vertixe.

Sistema nervioso: Epilepsia, depresión, xaquecas, tremor, de calquera causa, alcoholismo, toxicomanías ou outros.

Procesos patolóxicos que dificulten ou limiten o desenvolvemento da función de Bombeiro/a Conductor/a.”

#### **LISTA DE RESERVAS:**

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionaria/o de carreira, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, ao menos, aprobar o primeiro e o segundo exercicio da Fase de Oposición do proceso selectivo.

A partir de todas as persoas que superaron estes, sumaranse as puntuacións obtidas en cada un dos exercicios puntuables da fase de oposición, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

As persoas aspirantes que foran chamadas para a cobertura de interinidades, deberán superar posteriormente os exercicios psicotécnico, recoñecemento médico e idioma galego establecidos nestas bases.

#### **8º.- RECURSOS**

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-se o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

**Segundo.-** Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente

Lugo, 29 de marzo de 2021.- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

R. 0843

### Anuncio

**DECRETO Nº 1537/2021 DO 02/03/2021 (segundo a redacción dada polo Decreto Nº 1992/2021 do 13/03/2021)**

**Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión extraordinaria do 28 de decembro de 2017 adoptou o acordo 1/805 polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2017, e no su anexo, figura entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario:

“- Grupo AP, escala de Administración xeral (quenda de discapacitados/as). Numero de vacantes: 1. Denominación: Ordenanza.”

Dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 298, do 30 de decembro de 2017, e DOG número 77, do 20 de abril de 2018.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria do 5 de decembro de 2018 adoptou o acordo 9/701 polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2018, e no seu anexo, figura entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario:

“1 prazas ORDENANZA, Grupo AP, escala administración xeral”

Dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 39, do 15 de febreiro de 2019, e DOG número 73, do 15 de abril de 2019.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 3 de febreiro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo 9/48 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE ORDENANZAS PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO (OEP 2018) E UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2017)

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de Ordenanza pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, unha en quenda de acceso libre ordinario (OEP 2018) e unha en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2017) que se rexerá tanto polas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE” publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 9/48 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 3 de febreiro de 2021, que seguidamente se transcriben:

“1º.- **OBXECTO.-**

Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a **dúas prazas de ORDENANZA pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, 1 en quenda de acceso libre ordinario e 1 en quenda libre reservada a persoas con discapacidade**, en todo o que non estea previsto nas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA



LIBRE", aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano nas sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018. Foron publicadas nos boletíns oficiais da provincia de Lugo número 099, do 2 de maio de 2017, e número 274, do 29 de novembro de 2018.

As e os aspirantes para cubrir as prazas obxecto desta convocatoria só poderán participar nunha das quendas: quenda de acceso libre ordinario ou quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade. Se da instancia presentada non se deduce a súa opción, será excluída/o nas listas provisionais que se publiquen. De non emendar o defecto na solicitude, quedarán definitivamente excluídas/os. Tras a publicación da lista definitiva de admitidas/os e excluídas/os, non se permitirá ningún cambio de quenda ou calquera tipo de corrección ou aclaración ao respecto.

Se algunha/algún aspirante con discapacidade que se presenta pola cota de reserva de persoas con discapacidade supera os exercicios, pero non obtén praza e a súa puntuación é superior á obtida por outras/os aspirantes do sistema de acceso ordinario, será incluída/o pola súa orde de puntuación neste sistema.

De conformidade co disposto no Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, durante o proceso selectivo se dará tratamento diferenciado ás dúas quendas, no que se refire ás relacións de admitidas/os e excluídas/os, aos chamamentos aos exercicios e á relación de aprobadas/os. Non obstante, ao finalizar o proceso, elaborárase unha relación única na que se incluírán todas/os as/os candidatas/os que superaran todas as probas selectivas, ordenadas/os pola puntuación total obtida, con independencia da quenda pola que participasen.

## 2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- d) Denominación da praza: ORDENANZA
- e) b) Grupo de titulación: GRUPO AP(Agrupacións Profesionais)
- f) Outras características:

- Escala: administración xeral

- Subescala: subalterno

## 3º.- SISTEMA SELECTIVO.

O sistema selectivo será o de OPOSICIÓN.

## 4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA

Non se esixe titulación do sistema educativo.

## 5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As persoas interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excmo. Sra. Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

As solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

a) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. As persoas interesadas deberán unirlle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 10,80 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello. Todo o relativo aos dereitos de exame axustarase ao establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e prezos públicos" que se atopa a disposición das e dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web.

b) No caso de persoas que accedan á praza reservada a persoas con discapacidade e concorran pola quenda de acceso libre reservada a persoas con discapacidade, deberán acompañarlle á solicitude a certificación do órgano competente que acredite a súa condición de persoa con discapacidade, así como, igualmente, deberán presentar certificado expedido polo mesmo órgano ou polo competente da Administración sanitaria, que acredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza.

O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

As persoas con discapacidade que, con xustificación suficiente, o fagan constar na súa solicitude, poderán obter as adaptacións necesarias de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios. Para iso deberán facer constar na solicitude o grao de discapacidade e o tipo de adaptación solicitada.

O tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos que resulte necesario, de forma que as e os aspirantes que solicitaran adaptacións de tempo e/ou medios na forma prevista no apartado anterior, gocen de similares condicións para a realización dos exercicios que o resto de participantes.

O tribunal cualificador aprobará unha relación comprensiva das e dos aspirantes que, sendo admitidos, solicitaran adaptacións, indicando unicamente para cada unha/un deles a adaptación concedida ou, se é o caso, as razóns da denegación.

#### **6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo a resolución pola que se aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas de todas as quendas convocadas. Na dita resolución constará a identidade das e dos aspirantes excluídos, con indicación das causas de exclusión.

As/Os aspirantes excluídas/os dispoñerán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, para poder emendar, se é o caso, o defecto que motivou a exclusión.

A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a lista definitiva de aspirantes admitidas/os e excluídas/os que se publicarán no BOP.

#### **7º.- PROBAS SELECTIVAS.**

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

#### **D) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.**

**PRIMEIRO EXERCICIO**, teórico: consistirá en contestar por escrito a un cuestionario composto por 20 preguntas relativas tanto ao contido do programa de materias comúns como da parte de materias específicas, de forma proporcional. Este cuestionario estará composto por preguntas con tres respostas alternativas, sendo unha delas a correcta. O tempo máximo para a realización deste exercicio é de 40 minutos. Cada pregunta contestada correctamente terá unha puntuación de 0,50 puntos. A mal contestada restará 0,166 puntuando con 0 puntos a deixada en branco. Para superar este primeiro exercicio e pasar ao segundo, deberá acadarse, ao menos, unha puntuación de 5 puntos.

O exercicio que propoña o tribunal terá tres preguntas máis de reserva, claramente identificadas como tales, que substituirán as preguntas que, se é o caso, puideran ser obxecto de anulación. As devanditas preguntas de reserva só serán valoradas no caso de que substitúan a algunha outra que fora obxecto de anulación. Estas 3 preguntas de reserva terán que ser contestadas dentro do tempo de 40 minutos.

O temario de materias comúns intégrano 4 temas, e figuran na base décimo sexta das bases xerais xa mencionadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ao cadro de funcionarias/os e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda libre.

**SEGUNDO EXERCICIO**, práctico: consistirá en realizar, durante un período máximo de 1 hora, un suposto ou proba práctica que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio e que estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza destas prazas.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

#### **B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA**

Na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que atermos ao disposto na base décimo cuarta letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarias/os e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

#### **8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS**

**TEMA 1.-** A guía de rúas da cidade de Lugo. Localización de dependencias municipais, organismos, edificios e centros públicos e de interese da cidade de Lugo.

**TEMA 2.-** A presentación de instancias e documentos nas oficinas públicas. Comunicacións e notificacións. Correspondencia e paquetería: envíos e servizos postais.

**TEMA 3.-** O persoal ao servizo da Administración local: concepto e clases. Dereitos, deberes e incompatibilidades.

TEMA 4.- Información e atención ao público: presencial, telefónica e por medios informáticos. Técnicas de atención ao público.

TEMA 5.- Manexo de máquinas de reprografía e oficina: reprodutoras, multicopistas, fotocopiadoras, fax, encadernadoras, destrutoras, centralitas telefónicas, impresoras, escáner, plastificado e outras análogas. Tipos de papel.

TEMA 6.- A Vixilancia e custodia de edificios: vixilancia da seguridade do edificio. Control de accesos. Servizo de consigna. Apertura e peche de edificios e locais.

TEMA 7.- Prevención de riscos laborais inherentes a un posto de Ordenanza: os seus dereitos e obrigas. Medidas preventivas e pautas de actuación ante incendios e emerxencias.

TEMA 8.- Réxime de precedencias e tratamentos honoríficos. Preparación de reunións. Preparación de medios materiais.

#### 9º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, ao menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista mais actualizada.

#### 10º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado desta orde de Lugo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da publicación.

Igualmente, poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolverse expresamente, en calquera momento, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Boletín Oficial da Provincia, e un extracto no DOG e BOE."

**Segundo.-** Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente

Lugo, 29 de marzo de 2021.- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

R. 0844

SOBER

*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 29 de marzo de 2021, apróbase o Padrón fiscal do Servizo Gardería Infantil no Punto de Atención á Infancia do Concello de Sober, correspondente ao mes de Marzo de 2021.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan

formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 29 de marzo de 2021.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 0845

## XOVE

### Anuncio

**Por Resolución de Alcaldía aprobáronse a Bases regulamentadoras do procedemento de selección para a provisión de unha (1) praza de Administrativo como persoal funcionario fixo - proceso extraordinario de consolidación de emprego temporal da Disposición Transitoria 4ª do R.D. 5/2015, de 30 de outubro - que a seguir se transcriben na súa integridade:.**

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, COMO PERSOAL FUNCIONARIO, DE UNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN TRANSITORIA 4º DO R.D. 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO (CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL)**

#### 1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para a provisión con carácter definitivo mediante o proceso extraordinario de consolidación de emprego temporal da Disposición Transitoria 4ª do R.D. 5/2015, de 30 de outubro (en adiante, D.T. 4ª E.B.E.P.; é dicir, prazas ocupadas temporalmente de xeito ininterrompido con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005) de unha praza de Administrativo, polo sistema de Concurso- Oposición Libre; incluída na Oferta de Emprego Público do Concello de Xove, correspondente ao exercicio de 2019, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e publicada no B.O.P. de Lugo núm. 147 de 28 de xuño de 2019.

#### 2.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA.

GRUPO: C1

NÚM. DE VACANTES: 1

DENOMINACIÓN: ADMINISTRATIVO. A praza atópase encadrada no Grupo C, Subgrupo C1 (art. 76 RDL 5/2015, de 30 de outubro), Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa (Art. 167 e seguintes do RDL 781/1986, de 18 de abril).

A mencionada praza atópase dotada no Orzamento vixente.

COMETIDO FUNCIONAL: realización das funcións propias da praza consonte á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que, dentro da súa competencia, podan ser encomendadas polos órganos competentes do Concello en calquera dos servizos deste. Con carácter particular, as seguintes:

-Tramitación de expedientes de Urbanismo: emitir oficios, confeccionar liquidacións, cumprimentar propostas de resolucións, rectificación de licenzas

-Tramitación de expedientes do Servizo de Augas: manter actualizado o padrón de beneficiarios; confeccionar liquidacións; introducir datos de lecturas; redactar propostas de resolución; redactar informes sobre o servizo a partir do datos facilitados polo Encargado do mesmo; tramitar incidencias do servizo tales como lecturas erróneas, solicitudes de alta, baixa, etc.

XORNADA DE TRABALLO: A tempo completo

RETRIBUCIÓN: As retribucións a percibir serán as corresponden á praza consonte ao establecido nos art. 22 e seguintes do RDL 5/2015, de 30 de outubro) así como no artigo 15 do vixente Acordo Regulador das Condicións de Traballo do Persoal Funcionario do Concello de Xove.

#### 3.- Normativa de aplicación.

- Artigo 9 do E.B.E.P.: "Son funcionarios de carreira quen en virtude de nomeamento legal, están vinculados a unha administración pública por unha relación estatutaria regulada polo dereito administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente"

- Artigo 55.1 do E.B.E.P.: "Todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico".

- Artigo 55.2 do E.B.E.P.: “As Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

- a) *Publicade das convocatorias e das súas bases.*
- b) *Transparencia.*
- c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- d) *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.*

- Artigo 61.1 do E.B.E.P.: “Os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”.

- Disposición Transitoria 4ª do E.B.E.P.: “**Consolidación de Emprego Temporal.**- 1. As Administracións Públicas poderán efectuar convocatorias de consolidación de emprego a postos ou prazas de carácter estrutural correspondentes aos seus distintos corpos, escalas ou categorías, que estean dotados orzamentariamente e se atopen desempeñados interina ou temporalmente con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005. 2. Os procesos selectivos garantirán o cumprimento dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. 3. O contido das probas gardarán relación cos procedementos, tarefas e funcións habituais dos postos obxecto de cada convocatoria. Na fase de concurso poderá valorarse, entre outros méritos, o tempo de servizos prestados nas Administracións Públicas e a experiencia nos postos de traballo obxecto da convocatoria. Os procesos selectivos desenvolveranse conforme ao disposto nos apartados 1 e 3 do artigo 61 do presente Estatuto”.

- Artigo 91.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que sinala: “A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso- oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.

-Artigo 169 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local: “ Corresponde aos funcionarios da Escala de Administración xeral o desempeño de funcións comúns ao exercicio da actividade administrativa. Pertencen á Subescala Administrativa de Administración Xeral os funcionarios que realicen tarefas administrativas, normalmente de trámite e colaboración”.

- Artigos 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

#### 4.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de **CONCURSO-OPOSICIÓN**, de acordo co establecido no R.D. 896/91, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, e ao determinado no artigo 74.1 do RD 364/95 de 10 de marzo, xa que este sistema permite valorar, ademais dos coñecementos, a experiencia e formación complementaria, relacionados co contido funcional da praza.

Ao estar incluída esta praza dentro dun Plan de Consolidación de Emprego temporal, na fase de Concurso valorarase a experiencia profesional no desempeño das funcións do posto só aos aspirantes que acrediten ter a condición de persoal funcionario interino ou de persoal contratado laboral como Administrativo; con anterioridade a 1 de xaneiro de 2005 consonte ao previsto na D.T. 4ª Do E.B.E.P.

#### 5.- REQUISITOS

Para tomar parte nestas probas selectivas será necesario reunir na data de remate do prazo sinalado para a presentación de instancias, os seguintes requisitos:

##### 5.1.- Requisitos Xerais:

- a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do E.B.E.P.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza.
- c) Ter cumpridos dezaoto anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separadas mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no seu caso o persoal laboral, no que estiveran separadas ou inhabilitadas. No caso de seren nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitadas ou en situación equivalente nin ter sido sometidas a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

### 5.2.-Requisitos específicos:

De acordo co apartado c) do artigo 135 do RD Legislativo 781/86, de 18 de abril; e co apartado e) do artigo 56 do E.B.E.P., será necesario estar en posesión ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes dalgún dos títulos académicos, para o acceso libre á praza convocada, que se sinalan:

-Bacharelato ou Formación Profesional de Segundo Grao ( Administración e Finanzas ) ou equivalente ou en condicións de obtelo na data límite de presentación de solicitudes.

-O coñecemento da lingua galega: os interesados deberán estar en posesión ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, do CELGA 4 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa D.A. 2ª da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (D.O.G.A. 146 de 30/07/2007), modificada pola Orde de 10 de febreiro de 2014 (D.O.G.A. 34 de 19/02/2014)

### 6. PUBLICACIÓN.

O extracto da convocatoria e das bases publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), na Sede Electrónica da páxina web ([www.xove.es](http://www.xove.es)) e no Boletín Oficial do Estado (B.O.E.), cuxa data de publicación abre o prazo de presentación de solicitudes.

### 7. SOLICITUDES.

**Presentación.** As persoas interesadas poderán participar no presente proceso selectivo mediante unha solicitude no modelo oficial que figura como anexo ás presentes Bases, estando tamén dispoñible na Sede Electrónica do Concello de Xove. A solicitude de participación cumprimentarase debidamente pola persoa aspirante, acreditando documentalmente os méritos que alegue conforme se establece na Base 8. Os erros de feito que se puideran advertir, poderán rectificarse, en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

**Prazo de presentación.** Este será de **VINTE DÍAS NATURAIS** contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no B.O.E.

#### Lugar de presentación:

- A) De xeito presencial no Rexistro Xeral do Concello en horario de 9.00 a 14.00 horas en días laborables (Luns a Venres)
- B) A través de medios telemáticos na Sede Electrónica do Concello de Xove
- C) Por calquera das formas que determina o artigo 16.4 da L 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### 8. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE.

- **a) Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos da nacionalidade da persoa aspirante:** DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do E.B.E.P.
- **b) Acreditación do grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.** Esta acreditación presentarase no suposto de que a persoa aspirante solicite a adaptación de probas na solicitude de participación. Ante a petición efectuada o Tribunal resolverá a conveniencia ou non de admitir a adaptación, tendo en conta o sinalado na Orde 1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e a proba a realizar
- **c) Fotocopia compulsada da titulación académica** esixida nos requisitos específicos ou, no seu defecto, certificación académica dos estudos realizados á que necesariamente se acompañará a acreditación do pagamento dos dereitos de expedición da correspondente titulación.
- **d) Certificado acreditativo de estar en posesión do Celga 4 ou o equivalente debidamente homologado,** nos termos reflectidos na Base 5.2

**Consecuencias de non acreditar os méritos.**

Non acreditar os méritos tal e como se sinala a continuación, acreditarlos de forma insuficiente, a xuízo do Tribunal, ou presentalos fóra do prazo de presentación de solicitudes, non será emendable, polo que non serán tidos en conta polo Tribunal.

**Forma de acreditación de méritos:****a) Experiencia profesional no posto correspondente á praza convocada**

Acreditarase mediante certificación expedida polo Técnico de Recursos Humanos do Concello de Xove no que se acredite o cumprimento do disposto na D.T.4ª do E.B.E.P., é dicir, que se leva desempeñando as funcións de administrativo no Concello de Xove de xeito ininterrompido desde antes do 1 de xaneiro de 2005.

**b) Experiencia profesional como Administrativo**

-Para o caso do Sector Público, acreditarase mediante certificación expedida polo Técnico competente da Administración Pública na que se acredite o tempo traballado na mesma desempeñado as funcións de administrativo.

-Para o caso do Sector Privado acreditarase mediante a presentación de certificado de vida laboral acompañada inexcusablemente dos contratos formalizados nos que figure reflexado que o seu obxecto é o desempeño das funcións de administrativo.

**9. LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS.**

**Listaxe provisional.** Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a listaxe provisional das persoas admitidas e, se é o caso, excluídas. A dita resolución publicarase na Sede Electrónica do Concello.

**Prazo de alegacións.** O prazo para que as persoas excluídas poidan alegar o que consideren será de 4 días hábiles a contar dende a publicación da resolución que aprobe a lista provisional na Sede Electrónica. O dito prazo poderá ampliarse a 6 días no suposto que se observe a imposibilidade do aspirante de presentar os documentos necesarios para a súa inclusión na listaxe definitiva.

**Listaxe definitiva.** De considerar as alegacións presentadas, aprobarase a lista definitiva, que se publicará nos mesmos lugares que a provisional.

De non existir alegacións á listaxe provisional, ou se os seus fundamentos non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

**Recursos contra a listaxe definitiva.** Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma na Sede Electrónica ou recurso contencioso-administrativo, diante do xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de realizar calquera outro que estime pertinente.

O feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereitos no procedemento selectivo.

**10. TRIBUNAL DE SELECCIÓN.**

**Composición.** O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do E.B.E.P. e estará integrado por, tendo todos eles voz e voto, incluído o Secretario do Tribunal:

Presidente/a: D. Alberto Rapa Martínez, Técnico de Recursos Humanos e de Prevención de Riscos Laborais

Vogais: Dna. Elena Santos Rey, Interventora Municipal

D. Manuel Peteira González, Tesoureiro Municipal

Dna. María José Rego Domínguez, Administrativa asignada ao Departamento de Servizos Sociais

Secretario/a: Luis María Fernández del Olmo, Secretario Municipal

En casos debidamente xustificadas os citados membros poderán ser substituídos por suplentes os cales, ao igual que os titulares, exercerán as súas funcións como membros do Tribunal a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres.

Os membros do Tribunal deberán posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á praza que se convoca.

**Nomeamento e publicación.** As persoas que integren o Tribunal, serán nomeadas mediante resolución da Alcaldía. A dita resolución publicarase na Sede Electrónica do Concello.

**Abstención e recusación.** Os membros do Tribunal, absteranse de intervir, comunicándollo á Alcaldía, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no correspondente artigo da vixente Lei do Procedemento Administrativo Común, así como, cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a súa recusación de acordo co sinalado na citada Lei.

- **Actuacións do Tribunal.** O Tribunal non actuará cun quorum de asistencia inferior a tres membros, sendo sempre necesaria a asistencia dos compoñentes que exerzan as funcións da Presidencia e da Secretaría; non obstante, ante a ausencia dos titulares e/ou suplentes da Presidencia e/ou da Secretaría, poderán actuar como tales os membros asistentes, titulares e/ou suplentes, das distintas vogalías. As devanditas substitucións realizaranse utilizando a orde empregada na resolución de nomeamento dos correspondentes membros para exercer as funcións de vogais.
- O Tribunal resolverá tódalas dúbidas interpretativas que xurdan para aplicación das normas contidas nas presentes Bases estando igualmente facultado para resolver as cuestións que se susciten durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.
- O Tribunal, en caso de necesidade, poderá solicitar á Alcaldía a incorporación de asesores ou colaboradores, cando os nomeados non foran suficientes ou non se nomearan previamente.

Os acordos do tribunal adoptaranse conforme ao estipulado para a actuación dos órganos colexiados na vixente Lei de Procedemento Administrativo.

**Pagamento de asistencias e indemnizacións.** Os membros do Tribunal, así como os asesores e colaboradores, no seu caso, terán dereito pola súa concorrencia ás sesións ao pagamento de asistencias, gastos de desprazamentos e de manutención, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data da realización das probas.

## 11. CITACIÓN AOS MEMBROS DO TRIBUNAL E ÁS PERSOAS ASPIRANTES PARA LEVAR A CABO O PROCESO SELECTIVO.

A citación ao Tribunal e ás persoas aspirantes para a realización da proba da fase de oposición deberá publicarse na Sede Electrónica cunha antelación mínima de 48 horas á hora da súa celebración.

As persoas aspirantes presentaranse ás probas previstas do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, podendo ser requiridos en calquera momento polo Tribunal.

## 12.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN: CONCURSO- OPOSICIÓN.

### 12.1.- FASE DE OPOSICIÓN: (TOTAL 60 puntos)

- O procedemento de selección, na Fase de Oposición, constará de dous exercicios:
- 1.- Primeiro exercicio: consistirá en responder a 20 preguntas tipo test (máis tres preguntas de reserva) relacionadas coa parte de Materias Comúns do Anexo ás presentes Bases (Programa de Acceso). Este exercicio terá unha puntuación máxima de 15 puntos.
- Cada pregunta terá tres respostas posibles, das cales, só unha é correcta.

Pregunta acertada: 0,75 puntos.

Pregunta incorrecta: - 0 ´ 10 puntos

Pregunta non contestada: 0 puntos.

- 2.- Segundo exercicio: consistirá nun ou varios supostos prácticos determinado/s libremente polo Tribunal que terán por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen na parte de Materias Específicas do Anexo ás presentes Bases (Programa de Acceso) e respondan ás funcións ou tarefas da praza cuxa provisión se convoca. O/os suposto/s terán a concreción necesaria de xeito tal que o Tribunal poda determinar as cuestións concretas que deban ser resoltas e que ditas cuestións comprendan materias reflectidas no temario adxunto tanto na parte xeral coma na parte específica.

O exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal na data que este determine podendo asistir á lectura as demais persoas aspirantes e poderá formular preguntas ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada persoa aspirante.

Este exercicio terá unha puntuación máxima de 45 puntos.

A fase de oposición é obrigatoria e eliminatória debendo obterse para a súa superación un mínimo de 30 puntos coa suma da puntuación obtida nos dous exercicios anteriormente mencionados.



## 12.2. FASE DE CONCURSO (TOTAL 40 puntos).

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos/ás aspirante/s que superaran a fase de oposición.

### BAREMO DE MÉRITOS

#### A) EXPERIENCIA PROFESIONAL NO POSTO QUE SE CONVOCA.

En aplicación do previsto na Disposición Transitoria 4ª do E.B.E.P., sobre consolidación de emprego temporal, valorarase a experiencia profesional, como funcionario ou contratado laboral segundo os seguintes criterios ata un máximo de 25 puntos:

Pola experiencia no Concello de Xove como Administrativo, valorarase a razón de 0,15 puntos por mes completo.

A acreditación da experiencia realizarase consonte o establecido na letra a) relativa á Forma de acreditación dos méritos da Base 8.

#### B) ANOS DE DESENVOLVEMENTO DAS FUNCIÓNS DE ADMINISTRATIVO.

1.- Valorarase o tempo de desempeño das funcións de Administrativo, como funcionario ou contratado laboral en calquera Administración Pública ata un máximo de 15 puntos a razón de 0,10 puntos por mes completo traballado. A acreditación da experiencia realizarase consonte o establecido na letra b) relativa á Forma de acreditación dos méritos da Base 8.

2.- Valorarase o tempo de desempeño das funcións de Administrativo no sector privado ata un máximo de 15 puntos a razón de 0,05 puntos por mes completo traballado. A acreditación da experiencia realizarase consonte o establecido na letra b) relativa á Forma de acreditación dos méritos da Base 8.

En todo caso, a puntuación máxima a obter por este apartado non poderá superar os 15 puntos.

## 13. CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final establecerá a orde definitiva das persoas aspirantes que superaron o procedemento selectivo. A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e a obtida na fase de oposición.

No caso de empate resolverase acudindo á maior puntuación obtida primeiro na fase de oposición, segundo na fase de concurso, e se persiste o empate procederase a realizar un sorteo público.

## 14. PROPOSTA DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN.

O Presidente do Tribunal, á vista das cualificacións finais das persoas aspirantes, que superaron o proceso selectivo, formulará proposta ante a Alcaldía.

**Publicación.-** A proposta do Tribunal, publicarase na Sede Electrónica do Concello.

## 15.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

A persoa seleccionada presentará os seguintes documentos mediante copias compulsadas ou, se é o caso, orixinais:

a) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións a desempeñar que se sinalan nas bases específicas.

b) Declaración xurada de non ter sido separadas do servizo das administracións públicas e non estar incursas nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

c) Fotocopia compulsada da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

d) No caso de ter a condición de discapacitadas deberá presentar a certificación acreditativa do grado de discapacidade, tendo facultade a Entidade para que solicitar ao órgano competente a compatibilidade para desempeño funcional da praza/posto/emprego.

**Lugar de presentación.** Os devanditos documentos presentaranse polos mecanismos establecidos na base 7.

**Prazo de presentación.** O prazo de presentación será de 10 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección na Sede Electrónica, prazo que poderá ampliarse cando as persoas seleccionadas acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade.

En todo caso no prazo de 10 días naturais, computados dende a data da sinatura do contrato, as persoas seleccionadas estarán obrigadas a presentar a devandita documentación, xa que no caso contrario, procederíase ao seu cesamento automático, agás en supostos de forza maior.

## 16. RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO.

Á vista da orde de aspirantes proposta polo Tribunal, a Alcaldía resolverá o procedemento selectivo co nomeamento do aspirante seleccionado.

## 17. NOMEAMENTO

Unha vez resolto o proceso selectivo deberá realizarse o nomeamento como funcionario de carreira do aspirante seleccionado, debendo este tomar posesión ou incorporarse no prazo de 1 mes.

## 18. DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

## 19. RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, definitiva en vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da súa publicación ou ben interpor recurso contencioso-administrativo, ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro que estime procedente.

## ANEXO I.

### PROGRAMA DE ACCESO

#### A) MATERIAS COMÚNS (18 temas).

1. A Constitución Española de 1978. Estrutura e principios xerais. O Tribunal Constitucional. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns na Constitución Española de 1978. A protección e suspensión dos dereitos fundamentais.
2. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Estrutura e contido.
3. A Administración Pública na Constitución: concepto. O dereito administrativo: concepto. O principio de legalidade na administración.
4. As fontes do Dereito Administrativo: a Constitución como norma xurídica. Leis Orgánicas e Leis ordinarias. O Decreto Lexislativo. O Decreto Lei. O Regulamento: concepto, clases e límites. Outras fontes do Dereito Administrativo.
5. A Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público: estrutura e contido. Disposicións de Carácter Xeral.
6. A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Estrutura e contido. Disposicións Xerais.
7. O procedemento administrativo. Concepto. Formas de inicio do procedemento administrativo. Instrucción do procedemento: actos de instrucción, alegacións, a proba, informes, trámite de audiencia, a información pública, o cómputo dos prazos na tramitación. A obriga de resolver. O silencio administrativo: natureza, supostos, sentido, efectos.
8. A finalización do procedemento: formas de terminación. O desestímato, renuncia e a caducidade como formas de terminación do procedemento administrativo. A tramitación simplificada do procedemento administrativo.
- 9.- O acto administrativo: concepto, clases, motivación e forma. A eficacia dos actos administrativos. A notificación dos actos administrativos: notificación electrónica e notificación en papel. A invalidez do acto administrativo: actos nulos e anulables. Os recursos administrativos: clases de recursos.
- 10.- As fontes do Dereito Local: regulación básica do Estado e normativa da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Réxime Local. As competencias municipais: propias e impropias.
- 11.- A potestade regulamentaria das entidades locais. Regulamentos e Ordenanzas. Procedemento de elaboración. Os Bandos.
- 12.- O Municipio: concepto. O término municipal. A poboación municipal: o Padrón de Habitantes. A organización municipal: órganos necesarios e órganos complementarios. Réxime de sesións e acordos dos órganos de goberno local: actas, certificacións, comunicacións e publicación de acordos.
- 13.- O sistema electoral no ámbito das entidades locais. A elección de alcaldes e concelleiros. A moción de censura e a cuestión de confianza no ámbito local. O Estatuto dos membros electos das corporacións locais.
- 14.- Os tributos locais: principios. A potestade regulamentaria das entidades locais en materia tributaria: contido das ordenanzas fiscais, tramitación e réxime de impugnación dos actos de imposición e ordenación de tributos.
- 15.- Imposición municipal. Imposto sobre Bens Inmóveis. Imposto sobre Actividades Económicas. Imposto sobre Construción, Instalación e Obras. Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

16.- Taxas e contribucións especiais: réxime xurídico. Os prezos públicos.

17.- A Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno. Estrutura e contido. O Portal de Transparencia Municipal: estrutura e contido

18.- O dereito e a obriga de relacionarse electrónicamente coas administracións públicas. A sede electrónica. Natureza e obxecto.

#### **B. MATERIAS ESPECÍFICAS (22 temas)**

19.- O réxime xurídico do gasto e do ingreso público local. Clases de gasto e clases de ingreso.

20.- O Orzamento xeral das entidades locais. Estrutura orzamentaria. Elaboración e aprobación do orzamento. As Bases de Execución do Orzamento. A execución e liquidación do orzamento. As modificacións orzamentarias. A Conta Xeral.

21.- Xestión e recadación de tributos locais. Tributos xestionados por padrón e tributos xestionados por liquidación. As autoliquidacións. As liquidacións non tributarias.

22.- O Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Emprego Público: tipos de emprego público, dereitos e deberes. Adquisición e perda da condición de emprego público. Situacións administrativas.

23.- O persoal ao servizo das entidades locais: clases e réxime xurídico. Os instrumentos de organización do persoal. Os cadros de persoal e as relacións de postos de traballo. O acceso á función pública local: a oferta de emprego pública, sistemas de selección e provisión

24.- A contratación do sector público: contratos administrativos e contratos privados. Tipos de contratos administrativos.

25.- A preparación dos contratos. Adxudicación dos contratos: clases de tramitación e procedementos de contratación. O contrato menor.

26.- A contratación electrónica no ámbito das entidades locais: concepto e obxectivos. O Perfil de Contratante das entidades locais: concepto e obxectivos.

27.- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: disposicións xerais; procedementos de concesión e xestión de subvencións.

28.- Instrumentos de planeamento urbanístico no ámbito municipal: o Plan Xeral de Ordenación Municipal: contido e procedemento de elaboración e aprobación. O planeamento urbanístico de desenvolvemento.

29.- As licenzas urbanísticas: concepto e réxime xurídico. As licenzas de obra: clases. A declaración responsable e comunicacións previas

30.- As licenzas de actividade. A declaración responsable e comunicacións previas.

31.- Os informes sectoriais preceptivos nos procedementos de outorgamento de licenzas municipais: supostos previstos na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

32.- Os bens das entidades locais: clasificación. Prerrogativas das entidades locais respecto dos seus bens. O inventario de bens e dereitos de titularidade municipal.

33.- Uso e aproveitamento dos bens de dominio público. Réxime de utilización dos bens de carácter patrimonial.

34.- Os servizos das entidades locais. Servizos obrigatorios e non obrigatorios. Formas de xestión dos servizos públicos locais.

35.- O servizo municipal de abastecemento domiciliario de auga potable no Concello de Xove. Regulación, forma de xestión e tarifas

36.- O servizo municipal de recollida de residuos sólidos urbanos no Concello de Xove. Regulación, forma de xestión e tarifas.

37.- Taxas e prezos públicos vixentes no Concello de Xove

38.- A facturación electrónica nas entidades locais: a Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

39.- O rexistro municipal de entrada e saída de documentos: o rexistro electrónico e o rexistro presencial. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacións e notificacións. O Portelo Único.

40.- O puntos de información catastral (P.I.C.) no ámbito das entidades locais. Réxime de funcionamento.

Xove 29 de marzo de 2021.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0862